

## sarria

A vila acollerá a feira de turismo Expocidades a primeira fin de semana de maio. **Páx. 2**

## samos

O colexio abre as súas portas para coñecer o seu modelo educativo. **Páx. 16**

## o incio

Os organizadores do festival Terra Brava do Incio anuncian a data do evento. **Páx. 17**

## paradela

A Asociación de Mulleres de Paradela organiza unha gran festa de Entroido. **Páx. 19**

## triacastela

O PSOE denuncia ante a Valedora do Pobo a falta de plenos no municipio. **Páx. 20**

## Sarria quiere Auditorio

A Corporación Municipal comprométese en pleno a buscar un espazo para ofrecer á veciñanza un auditorio que acolla as súas actividades



## A Deputación pide á Xunta máis investimentos

Aprobouse no Pleno unha moción para reclamar melloras para o SAF e as infraestruturas. **Páx. 13**

## Novo concelleiro do BNG de Láncara

Miguel Fernández será investido como novo concelleiro: "Asumo esta responsabilidade con ilusión". **Páx. 18**

## Banda de Música de Sarria



A Banda de Música de Sarria conta con máis de 150 anos de historia. **Páx. 4**

## Disco Xardín das Fadas



Óscar Fernández e Luis Álvarez veñen de publicar o seu primeiro disco. **Páx. 15**

## Clube de Pesca Río Neira



Desde o Clube de Pesca Río Neira poñen en valor a pesca a mosca. **Páx. 23**

## Escolas Deportivas de Snooker

Comezan as Escolas Deportivas de Snooker en Sarria da man de Juan Pedro Durán, Gussy. **Páx. 21**



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsil.com



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

# SARRIA

## Mercedes Vázquez dará o pregón da Semana Santa



A recoñecida fotógrafa sarriá Mercedes Vázquez Saavedra, coñecida artisticamente como Mercedes Moreno, será a encargada de dar o pregón da Semana Santa de Sarria deste ano.

A súa elección foi realizada pola Confraría do Santo Enterro e a Soiidade, que continúa a tradición de alternar entre homes e mulleres para ocupar este posto, sempre elixindo persoas cun vínculo especial coa vila de Sarria.

A fotógrafa sostivo que para ela é “sempre unha alegría que se acorden de min e, ademais, viñeron tres persoas especiais a pedirmo, polo que non podía dicir que non, aínda que eu non me considero unha persoa de tanta importancia”.

O pregón, que marca o inicio dos actos da Semana Santa, terá lugar o próximo 11 de abril na capela do Perpetuo Socorro, situada preto da praza da Vila, ás 20.30 horas e, nel, Mercedes Vázquez falará das súas lembranzas de cando era pequena e a levaba a súa tía ás procesións.

“Contarei como eran as procesións daquela, o que eu sentía e o que facíamos”. Ademais, sostén que a capela é “un lugar especial para min, xa que é onde casei con 20 anos”, sostén. Tras o acto, está prevista unha actuación musical para amenizar a xornada. Mercedes Vázquez Saavedra tomará o relevo de Jaime Regueiro, quen foi o pregoeiro no ano 2024.

A Semana Santa de Sarria inclúe actos litúrxicos e procesións emblemáticas, como a da Borriquita, e é unha das celebracións máis destacadas da vila, combinando tradición, devoción e arte. Co pregón de Mercedes Moreno, veciña e figura destacada, búscase reforzar o carácter local e o arraigamento destas festividades, tan significativas para a comunidade sarriá.

A Confraría anima a todos os veciños e visitantes a participar activamente nos actos programados, destacando que esta será unha Semana Santa chea de simbolismo e beleza.

## Sarria acollerá a feira de turismo Expocidades a principios de maio

A primeira fin de semana de maio, a vila de Sarria converterase no epicentro de diversas actividades que atraerán a milleiros de persoas dispostas a gozar dunha ampla variedade de propostas.

Os días 2, 3 e 4 de maio terán lugar o III Rally de Regularidade Vila de Sarria, a Pretorian Race Sarria Extreme, a XXVIII Feira de Antigüidades e Restauración de San Láncara de Sarria e a oitava edición de Expocidades, a gran feira de turismo de proximidade do Eixo Atlántico, que contará coa presenza confirmada de 26 localidades de Galicia e do norte de Portugal. O evento celebrárase na Praza da Vila durante esa fin de semana e estará acompañado de múltiples activida-



des culturais e de lecer que están en fase de organización. O obxectivo é que Sarria se converta nun gran escaparate do turismo actual, cunha programación que incluírá desde concertos ata obradoiros, catas de

viños e visitas guiadas pola vila. O Eixo Atlántico será o encargado de xestionar a infraestrutura do evento, mentres que o Concello de Sarria asumirá a coordinación das propostas culturais e de ocio.

## O Motoclub Sarria Bikers organiza a súa III Concentración Motera

O Motoclub Sarria Bikers anunciou a terceira edición da súa esperada Concentración Motera, que terá lugar os días 9, 10 e 11 de maio de 2025. Este evento, convertido xa nunha cita destacada para os amantes do motor e das motos, promete reunir a centos de afeccionados nun ambiente cheo de emoción e camaradería. Concretamente, desde o colectivo afirman que esperan unha “gran acollida e arredor de 400 participantes”. Ao longo destes tres días, os participantes e visitantes pode-



rán disfrutar dun amplo programa de actividades pensadas para todos os públicos. Haberá rutas, exhibicións, música en directo e outras sorpresas, convertendo

esta cita nunha experiencia única tanto para os asistentes como para os veciños e visitantes que queiran achegarse a vivir a paixón polo motor.

**CARPINTERIA METÁLICA**

**NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN**

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

**VIMETAL TALLERES**

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo  
 Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

**Entroido 2025**

**Domingo 2 de marzo**

**Saída do desfile 17.00 horas**

Saída da Feculeira

Rúa da Liberdade

Rúa Diego Pazos

Rúa Matías López

Remate na Praza da Vila

Sarria

# O pleno municipal aproba por unanimidade a moción do BNG

A Corporación municipal de Sarria celebrou o seu pleno municipal, no que se aprobou a solicitude de concesión demanial presentada pola empresa Espina & Delfín, S.L. para o uso privativo de bens de titularidade municipal co fin de instalar placas solares fotovoltaicas en inbmoles municipais.

Esta iniciativa enmárcase dentro do contrato de explotación do servizo de abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros e saneamento, depuración e mantemento de EDAR no Concello de Sarria.

Por outra banda, quedou sobre a mesa a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de matadoiro, tras unha proposta do alcalde, Claudio Garrido, á espera de recibir a confirmación da Xunta sobre unha axuda económica que permitiría reducir os importes finais para os usuarios.

**SARRIA QUERE AUDITORIO.** Un dos puntos máis destacados do pleno foi a moción presentada polo BNG na que solicitaban a creación dun auditorio para o municipio. Na súa intervención, os nacionalistas argumentaron que “ninguén pode negar a riqueza e diversidade da actividade cultural de Sarria; xa que conta cun nutrido grupo de asociacións culturais, empresas relacionadas coa cultura, así como bandas musicais que promoven diferentes actuacións musicais, teatrais, etc.”. Ademais, sinalaron que Sarria é o único municipio galego con máis de 10.000 habitantes que carece dunha instalación cultural axeitada.

Neste sentido, o BNG instou ao goberno municipal a “que, coa máxima brevidade posible, encargue un proxecto de auditorio que poida



atender as necesidades de Sarria” e que, unha vez elaborado, “se poña en contacto coas diferentes administracións para conseguir financiamento”. A moción foi aprobada por unanimidade, co respaldo de todos os grupos políticos.

A portavoz do PP, Carmen José López, subliñou que o auditorio é “unha materia pendente” e que debe contar cun aforo acorde ás necesidades reais do municipio. Pola súa banda, Benjamín Escontrela, portavoz do PSOE, lembrou que “hai anos falouse de mercar o cine Cissa, pero quedou en nada”. Desde o goberno local, o concelleiro de Cultura, César No, asegurou que xa visitaron “distintos espazos” e están a valorar diversas opcións para presentar unha proposta viable.

**MOCIÓNS DO PP.** Por outra banda, as dúas mocións presentadas polo PP saíron adiante cos votos a favor dos propios populares e coa abstención dos demais partidos políticos. A primeira, que propoñía a elaboración dun Plan Municipal de Prevención e Xestión de Inundacións, incluíndo a identificación e avaliación das zonas do municipio máis expostas a inundacións e

recollía as directrices establecidas polo Plan Especial de Protección Civil INUNGAL e a implementación de sistemas de alerta temperá e comunicación coas persoas veciñas para mellorar a prevención e reducir os danos; foi apoiada polo PSOE, pero tanto Camiña Sarria como o BNG abstivéronse. Desde o BNG criticaron que o PP reclamase este plan cando a Xunta, gobernada polos populares, permitiu construír en zonas inundables. Pola súa banda, Camiña Sarria argumentou que xa existen plans para abordar este tipo de riscos e que o PP debería apoialos en lugar de presentar unha moción independente. Con todo, o PSOE apoiou a iniciativa, lembrando que Sarria é a cidade da provincia con maior risco de inundacións segundo os informes técnicos.

A segunda moción do PP, que solicitaba a instalación de cargadores de vehículos eléctricos e a bonificación no imposto de circulación, tamén foi rexeitada. Neste caso, todos os grupos políticos abstivéronse, excepto o PP, que a defendeu en solitario. A falta de viabilidade da proposta en Sarria foi o principal argumento esgrimido polo resto de formacións para xustificar a súa postura.

# Sarria ofrece unha gran oferta cultural para a veciñanza ata marzo



O Concello de Sarria deu a coñecer a programación cultural para o mes de febreiro, que incluírá unha ampla variedade de actividades para todos os públicos, desde teatro e contacontos ata concertos e presentacións literarias, comezando coa representación teatral ‘Contos que foron chiste’ de Avelino González o pasado día 2. O venres 7 será a quenda da literatura infantil, cunha sesión de Contos para todos da man de Noelia Porto, primeiro ás 11.00 horas no CAPD de Sarria e despois, ás 16.00 horas, na Residencia Nosa Señora do Carme. O sábado 8, ás 11.30 horas na Casa da Cultura, celebrarase unha charla sobre transmisión de heranzas e patrimonios ás persoas con discapacidade. O domingo 9 regresará o teatro ao escenario municipal con Toc Toc de Fegateatro, tamén ás 20.00 horas.

O venres 14, a programación continuará cunha masterclass e presentación de trompetas ás 17:00 horas na Casa da Cultura, seguida ás 20:00 horas da presentación

da novela A muller do muro de Manuel F. O sábado 15, repetirase a sesión de trompetas ás 17.00 horas na Casa da Cultura, mentres que ás 20:00 horas a Igrexa do Rosario acollerá un concerto da Banda de Música de Sarria xunto a Juan Lois.

O venres 21, ás 17.30 horas, o público poderá gozar da obra teatral Tarabela de Creativa, e o domingo 23, á mesma hora, Dani Blanco presentará Absurdia na Casa da Cultura. Do luns 24 ao venres 28, a Escola de Música de Sarria (ESMUSA) ofrecerá audicións ás 17.30 horas, tamén na Casa da Cultura.

Para rematar a programación, o domingo 2 de marzo as rúas do Concello de Sarria encheranse de cor e alegría co tradicional Desfile de Entroido, previsto para as 17.00 horas, con saída desde a Feculera. O desfile percorrerá así a rúa da Liberdade, irá pola rúa Diego Pazos, pola rúa Matías López e rematará na Praza da Vila para o desfrute de todos os veciños e veciñas que se acheguen.



## Audio Sarria

CENTROS AUDITIVOS  
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

Durante este mes, tenemos el placer de ofrecerle la siguiente promoción.  
Un descuento en sus audifonos del cincuenta por ciento en la segunda unidad sobre el precio venta público, hasta fin de existencias.  
¡Consulte más información en nuestro centro!

Los servicios incluidos en esta promoción son los siguientes en función del modelo seleccionado.  
1) Garantía de 3 o 5 años de garantía con la posibilidad de incluir un seguro de rotura, pérdida o robo.  
2) Financiación en 18 meses sin intereses.  
3) Posibilidad de prueba gratuita.

**AUDÍFONOS CON LA GARANTÍA SIEMENS**

**A MEDIDA Y RECARGABLES (no necesitan pilas)**




**PIDE TU CITA EN:**

**982 531 191**

**669 548 976**

C/ Matías López, 63-bajo

27600 - SARRIA (Lugo) | [audiosarria@gmail.com](mailto:audiosarria@gmail.com)



**ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS**

**Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?**

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:

**Entra e infórmate!**

**982 876 681**

[sarria@xenera.com](mailto:sarria@xenera.com)





**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Con máis de 120 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

# “A Banda dálle a Sarria un alto nivel de cultura musical”

Jose Antonio González, director da Banda de Música de Sarria, e David Goyanes, presidente da Asociación que dá nome á Banda, relatan a historia da entidade

Jessica Fernández

Con máis de 150 anos de historia, a Banda de Música de Sarria segue co seu proxecto de poñer en valor a música e a cultura na vila e no municipio, así como levar o seu nome alí por onde actúan. “O máis importante é coidarnos, xa que construír unha Banda de Música non é algo sinxelo e debemos loitar por conservala e mantela, xa que forma parte do noso patrimonio como sarriaos”.

Jose Antonio González, director da Banda de Música de Sarria, e David Goyanes, presidente

as festas da comarca de Sarria e despois nas distintas casas do pobo. “Ao principio, nace con 9 compoñentes e catro instrumentos: o clarinete, o saxofón, a caixa e o trombón, aínda que en ocasións introducían tamén outros instrumentos. Agora, somos máis de 60 persoas as que formamos a banda e arredor de 50 os que sempre estamos a disposición de calquera actuación”, explican.

A evolución da banda estivo marcada pola formación doutras bandas noutras parroquias de Sarria ata que nos anos 50 o alcalde Ja-

que decide promover a Banda de Música a través da asociación Amigos da Música de Sarria. Desde aquela, a Banda de Música de Sarria persistiu ata o día de hoxe, “incluso a pesar de que se disolveu a asociación e formamos outra, a que hoxe é a Asociación Banda de Música de Sarria”, quen

**“Estamos moi orgullosos de formar parte desta Banda de profesionais, xa que temos unha unión que podería denominarse como familia”**

destaca que está “moi orgulloso de formar parte desta banda de profesionais que temos unha unión que podería denominarse como familia”. explica David, quen preside a asociación desde hai dous anos, mentres que Jose é director desde o ano 1993.

Con respecto á súa traxectoria na Banda, o director explica que cando el chega en 1993, non hai profesores que ensinen a tocar instrumentos, entón era o director o que ensinaba todos os instrumentos. “Agora, na Escola de Música de Sarria temos entre 230 e 250 alumnos. Digo temos porque ademais de dirixir a Banda de Música de Sarria, son profesor



na Escola de Música de Sarria, que son entidades diferentes. Na Escola de Música estou de profesor, así como outros oito compañeiros profesores que formamos o alumnado e logo compartimos a trilha con eles na banda. Polo que a Escola de Música é a canteira da Banda”, argumenta Jose.

Ademais, pon en valor a Escola de Música, xa que explica que as instalacións melloraron e ensáianse todo tipo de temas musicais, polo que “a Banda é moi atractiva para os nenos que aprenden a tocar algún instrumento na Escola de Música. Tamén é certo que hai uns anos promovemos a raíz do nacemento dos meus fillos que puidera haber algunha actividade musical para nenos moi pequenos na Escola e implantouse ‘Estimulación musical temperá’ para nenos de a partir de 6 meses, que tivo moi boa aceptación, xa que ao estar a Escola de Música preto de Escola Infantil e Gardería, viñeron entre 60 e 70 nenos a probar esta actividade, que gustou moito. Por iso, o groso da Escola está formada por nenos e nenas de entre 6 meses e 10

anos, aínda que temos aulas de adultos, que acollen persoas de ata 70 anos”, concreta.

**A IMPORTANCIA DA BANDA DE MÚSICA DE SARRIA.** A Banda de Música de Sarria está composta por unha “formación bastante clásica. Hai 15 anos tiñamos especialidade de corda na Escola e fomos capaces de unir a violonchelos, pero agora temos unha formación máis clásica con óboes, frautas, clarinetes, trombóns, trompetas... é dicir, con instrumentos de vento e percusión. Temos un contrabaixo, como algo diferencial, e facemos moita música con piano ou incluso tocamos ás veces con baixo eléctrico e batería. Temos moita xente que canta tamén, como Lolo Castro, Jesús Alvarez ou Malditos Roedores. Somos moi afortunados por poder contar con tantos profesionais”, comentan.

Con todo, din que “moita da movida musical que hai en Sarria é grazas á Banda de Música e tamén a asociacións como Meigas e Tragos ou Peleiriños, que son pioneiros na ensinanza de música tradicional.



da Asociación Banda de Música de Sarria, relatan que a historia da Banda xorde arredor do ano 1870 na parroquia de Farbán, onde nace unha banda de música como unha agrupación de carácter lúdico para poñerlle música

vier José Gayoso decide agrupar a todas esas bandas nunha, baixo a dirección de Andrés Piquero. Porén, a banda “desaparece entre o ano 1961 e 1979 e volve no ano 79, outra vez por motivación do entón alcalde Manuel Lence,

**PERMUY  
GESTIÓN**

**CORREDURÍA DE SEGUROS**

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA  
ASEGURANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

**¡No te pierdas nuestras ofertas de febrero!**

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

**¡TE ESPERAMOS!**

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47  
982 53 50 63  
610 221 677

A Banda o que lle dá a Sarria é un nivel de cultura musical que ademais demanda a poboación en cada concerto. O público medra en cada actuación e nós facemos que sexa algo dinámico e distinto, engadindo actuacións visuais, polo que o público nunca sabe que vai atopar, e por iso ten tan boa acollida. Para nós, canta máis oferta cultural haxa nun pobo, mellor; xa que tamén lles ofrecemos oportunidades aos nosos fillos. Como pai, creo que para poder atopar o teu camiño no día de mañá, é bo poder escoller no ámbito cultural. Para min, dirixir a Banda era un soño que tiña de pequeno. Eu crecín co director don Enrique García Rey, que para min era o maior expoñente da música do mundo, e non pensaba que algún día podería facer o que el estaba facendo, xa que ninguén te tomaba en serio se dicías que querías dedicarte á música. Todo iso cambiou grazas ás escolas de música. É un orgullo para min e unha responsabilidade grande porque teño xente sentada diante de min con máis formación ca min, e nenos de 9 anos con pais ante os que debo responder”, explica Jose.

Por outra banda, di que tamén a xente de Sarria mostra ese compromiso coa Banda, xa que “a

igreja énchese sempre cos nosos concertos, e calquera actuación que facemos ten unha acollida en Sarria. Tamén pasa noutros sitios, pero en Sarria é especialmente caloroso; a sociedade vai predisposta a pasalo ben. Dá igual o que toques, calquera cousa ten unha aceptación brutal. Outros sitios teñen unha mellor banda e auditorio, pero custa mover á xente”. Con respecto ao tema do auditorio, tanto David como Jose sosteñen que “para todo o pobo é necesario ter un local para todas as actividades lúdicas, un auditorio, porque tanto a imaxe como o son van mellorar exponencialmente”.

Así, explican que “hai moito auditorio baleiro, e entendemos que non habería que ter un auditorio en cada pobo, pero en Sarria coa cantidade cultural e musical que hai podería haber un edificio pechado. En Sarria é difícil xustificar que non haxa un auditorio. Se temos tan boa acollida con locais limitados, como sería esa acollida se lle ofreceres un espectáculo máis cómodo e con maior capacidade para ver a todas as persoas que forman parte; a igrexa é grande pero non e o mellor espazo e na casa da cultura non cabemos no escenario 55 persoas, xa 30 persoas van xustas. Sarria merece un



auditorio”, sentencian.

**A BANDA, UNHA FAMILIA QUE PERDURA.** O presidente da Asociación, David Goyanes, di que na Banda hai un “compromiso, unha relación de núcleo familiar e de amizade que fai que os que estamos aquí e non cobramos porque non somos profesores na Escola de Música dediquemos o noso tempo libre e incluso os nosos cartos persoais para estar nos ensaios e nas actuacións. Pero todo o investido merece a pena. Os nenos ven que os que somos máis veteranos integramos a todo o mundo, e que fagan o que fagan teñen un apoio, e esa é unha

das cousas que a fai que a Banda se manteña e creza. Cada vez hai máis nenos, máis compañeirismo, e máis amigos. A relación que hai é de protección, moi sa, moi bo-

**“Os máis veteranos integramos a todo o mundo e todos e todas teñen apoio; esa é unha das cousas que fai que a Banda creza e se manteña”**

nita e chama a atención”, sostén. Por iso, como proxecto de futuro a longo prazo din que é “coidarnos entre todos, que nos respectemos”, porque di Jose Antonio González, que “eu entrei con 8 anos e teño 52 e aquí sigo. Temos momentos mellores e peores; somos humanos e somos unha familia, e o proxecto debe ser ese, porque é moi fácil destruír e é moi difícil de conservar e manterse. Para min o proxecto vital é coidarnos entre nós e tamén entre as asociacións. Eu sempre digo que nos respectamos todos. Moitos dos músicos da nosa Banda comparten outras asociacións,

e todos nutrémonos de todo, defendémonos, e a relación é mellor do que a xente pensa. Temos cada un o noso espazo, convivimos entre nós e compartimos persoal e estamos orgullosos de dicir que o pobo de Sarria ten tanta actividade musical”, comenta.

Tamén, poñen en valor a súa boa relación co Concello de Sarria, “porque dependemos moito deles e a relación e vai por bo camiño, xa que a Escola de Música é municipal e ao crecer a nivel de Banda, polo que non queremos desatender iso. Queremos seguir na mesma liña e estar atentos e impulsar o que xa estamos facendo para mellorar e manter o que xa está feito. A xente que forma da Banda ten moito mérito”, destaca.

Para finalizar, adiantan que, entre as actividades que teñen pensadas ao longo deste ano 2025 está a organización dun concerto no que “virá unha casa de música valenciana cun solista para levar a cabo un concerto coa Banda e contaremos ademais cunha exposición-taller. Tamén temos proxectos en mente, como un concurso de baile, e en marzo queremos facer un concerto con imaxes e seguir fomentando actividades sociais”, conclúen.



**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## Mon Devane regresa a Sarria con 'Pulpezas', a súa nova exposición



O artista urbano ourensán Mon Devane, coñecido por ser autor de dous dos murais que adornan as rúas de Sarria, regresa á vila cunha nova proposta artística. A súa exposición, titulada 'Pulpezas', poderá visitarse na Antiga Prisión Preventiva entre o 4 de febreiro e o 21 de abril.

A mostra ten como protagonista un dos elementos máis característicos do imaxinario de Mon Devane: o polbo.

Segundo o propio autor, Pulpezas é unha reflexión visual sobre esta criatura mariña, presentada como "peza de arte ou rareza saída do imaxinario de Mon Devane".

Un dos elementos máis distintivos da exposición será un tentáculo de polbo cun aspecto cerámico, sobre o que se interveñen tags propios do graffiti, unha mestura entre a cultura urbana e a artesanía.

A inauguración da mostra foi o 4 de febreiro ás 12.30 horas, na Antiga Prisión Preventiva, e estará aberta ao público de luns a venres, en horario de 9.00 a

14.00 horas. Para aqueles interesados en visitar a exposición en horarios fóra deste, será posible concertar cita chamando ao 982 530 668 ou enviando un correo a turismo@sarria.gal. Unha proposta única para os amantes do arte contemporáneo e urbano que non queren perderse esta nova creación do artista ourensán.

### OUTRAS PROPOSTAS NA VILA.

Non é a primeira vez que o artista Mon Devane actúa coa súa arte en Sarria. En 2021 fixo un retrato de gran formato de Xela Arias, que foi galardoada no Día das Letras Galegas dese ano. O mural, que está situado na nova rúa que leva o seu nome, na vila de Sarria, rende tributo á escritora. Así, atópase no corazón da localidade, como parte dun merecido recoñecemento á súa figura na literatura galega. O propio Mon Devane expresou o seu agradecemento ao Concello de Sarria por confiar no seu traballo para realizar esta emotiva homenaxe.

## A Deputación de Lugo reafirma o seu compromiso co matadoiro

Os deputados do Grupo Provincial Popular preguntaron no pleno da Deputación de Lugo "que pasos deu a Deputación de Lugo para facer efectiva a axuda anual anunciada e ofrecida para o matadoiro de Sarria, que ascendía a 50.000 euros". A esta pregunta, o vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, reiterou "o compromiso firme e claro" da institución para colaborar no financiamento do matadoiro municipal de Sarria. Castro explicou que, despois de que se aprobasen os modelos de convenios necesarios para iniciar o procedemento, a área de Rural púxose en contacto co Concello de Sarria para comezar coa tramitación da subvención. O responsable provincial destacou que esta será a primeira subvención a asinárense en 2025, asegurando que se trata dunha "realidade inminente". Así, a Deputación alcanzará 50.000 euros ao Concello de Sarria para manter o matadoiro en funcionamento co orzamento de 2025.



**PP VS CAMIÑA SARRIA.** Desde o PP critican que o Concello de Sarria aínda non achegara a documentación necesaria para concretar o apoio comprometido pola conselleira de Medio Rural. Neste senso, a voceira popular en Sarria, Carmen José López, considera "imprescindible" que o alcalde informe sobre o estado actual das xestións e sobre o plan de investimentos que se comprometeu a chegar á Xunta fai xa máis de tres

meses. López insistiu en que, unha vez máis, Garrido intentou enganar aos veciños de Sarria asegurando que presentara unha documentación que nunca chegou a entregar. Porén, o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, lembrou que "a documentación sobre o matadoiro se enviou o 18 de decembro", aínda que posteriormente "se detectou que faltaba un anexo, o que foi comunicado con total transparencia a todos os grupos políticos".

## A Casa das Arsenias será proxectada como un novo fogar para a mocidade

O Concello de Sarria está a piques de rematar a rehabilitación da Casa das Arsenias. Este edificio, practicamente en ruínas tras un incendio, foi transformado para albergar cinco apartamentos de alugueiro social destinados á mocidade, co obxectivo de revitalizar a zona antiga da vila e facilitar a emancipación da poboación nova.

O proxecto comezou en 2021, cando o grupo de goberno encargou a

redacción do proxecto técnico e solicitou unha subvención ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Esta subvención inicial, en concreto de 295.206,88 euros, cubría o 90 % do custo inicial previsto. Porén, durante a execución das obras xurdiron imprevistos técnicos que obrigaron a paralizar os traballos e a reformular o proxecto. O novo orzamento incrementouse ata os 439.611,82 euros, o que levou ao Concello a xestionar

unha segunda subvención en 2023, por valor de 255.615,76 euros. Finalmente, o custo asumido polo Concello quedou en 183.996,06 euros.

As obras reiniciáronse en novembro de 2023 e está previsto que rematen en setembro de 2024. Grazas a este proxecto, Sarria recupera un edificio emblemático no corazón do casco histórico, ao tempo que se ofrecen novas solucións habitacionais para a xuventude.

**Rebollal - Leal**  
CLÍNICA CARDIOLÓGICA



**TU CARDIÓLOGO EN SARRIA**  
ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y  
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA

**Rebollal - Leal**  
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas
- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

## A IX Estremonía Cantada de Sarria celebrárase o 29 de marzo

O evento musical de música tradicional Estremonía Cantada celebrará a súa IX edición en Sarria o sábado 29 de marzo, organizado polo Concello de Sarria e a Asociación Cultural Pelerínos, coa colaboración da Sociedade La Unión. A cita reunirá grupos de ata 10 persoas que percorreren diferentes locais interpretando pezas musicais, cun repertorio preferiblemente tradicional.

A inscrición está aberta ata o 7 de marzo ás 23.30 horas e realizarase por orde de contacto coa organización a través do correo electrónico [acpelerinos@gmail.com](mailto:acpelerinos@gmail.com) ou do teléfono 620 37 63 29 (Alba). O punto de encontro será ás 17.45 horas no local da Sociedade de La Unión, situado na rúa Matías López 19. Os grupos deberán interpretar un mínimo de dúas cancións en cada local, cun tempo



máximo de 30 minutos, seguindo a ruta establecida pola organización. Está permitido o uso de instrumentos, pero todas as pezas deberán ser cantadas.

Os participantes serán convidados a unha consumición en cada taberna e á cea final na Sociedade La Unión. Tras a cea, cada grupo interpretará unha peza e recibirá un

agasallo de participación. O evento contará, ademais, coa actuación da Cé Orquestra Pantomina.

Con esta iniciativa, Sarria continúa promovendo a música tradicional e a convivencia a través da cultura popular, consolidando a Estremonía Cantada como unha cita imprescindible no calendario festivo da vila.

## Sarria presenta os proxectos a levar a cabo co Plan Único da Deputación

O Concello de Sarria deu a coñecer as accións previstas no marco do Plan Único da Deputación de Lugo. Cun orzamento total de 572.952,44 euros por parte da Deputación de Lugo; e 27.594,14 euros por parte do Concello, levaranse a cabo propostas que inclúen a renovación de infraestruturas, un incremento da seguridade viaria e a dinamización cultural e turística do municipio.

Unha das prioridades será a renovación e asfaltado de pistas municipais, afectando a áreas como San Mame-

de da Chanca, Aceas, Montés, Castros Petos, Fonteabuín, Padriñán, Vilasteba, A Pena, Froiás a Lier, Calleiros a Goián e o acceso á Igrexa, cun investimento de 214.234,73 euros.

Tamén se renovará o pavimento na explanada do pavillón polideportivo, instalaranse pasos de peóns sobre elevados e lomas de asno en varias travesías de Sarria, modernizarase o parque infantil do Chanto, incorporárase novo mobiliario na Casa da Cultura, instalarase un montapratos, e renovaranse as portas e marcos in-

teriores na Residencia de Maiores e o Servizo de Axuda no Fogar contará cun orzamento de 20.000 euros para a súa prestación básica no ano 2024. Ademais, contratarase un dinamizador para a Casa da Cultura e a oficina de información turística, un operario para o servizo de obras e dous axudantes de obras.

Por outra banda, o Concello creará un mapa interactivo de recursos turísticos e organizará unha exposición sobre Matías López para destacar a súa figura na vila de Sarria.

## A XVII Festa do Cocido do Porco Celta será o 15



Sarria acollerá a XVII edición da Festa do Cocido do Porco Celta o próximo 15 de febreiro, celebrando unha comida multitudinaria, en pausa desde 2020, no mercado gandeiro.

O evento contará con máis de 50 mesas, cada unha preparada para trece comensais e os asistentes poderán gozar dun menú que inclúe un completo cocido de porco celta, acompañado de sopa. Todo isto será subministrado por Cárnicas Teijeiro, baixo o asesoramento de Asoporcel. A encargada de inaugurar o evento

será a catedrática de Pediatría da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Rosaura Leis, especialista en dieta atlántica.

Con esta decimosétima edición búscase recuperar o esplendor previo á pandemia e superalo, como afirmou o catedrático Carlos Lema. A intención é solicitar, ao chegar á vixésima edición, a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia, xa que o evento enxalza un produto propio da comarca e de calidade excepcional.

## Convocan mobilizacións para pedir un novo modelo eólico

A Coordinadora 'Eólica Así Non' convoca mobilizacións o 9 de febreiro, con motivo do Día Mundial da Enerxía Limpa. A concentración en Sarria terá lugar ás 12.00 horas no Cruce de Catro Camiños coa rúa da Liberdade en Sarria.

A Coordinadora fai un chamamento á sociedade para denunciar o modelo de espolio enerxético promovido pola Xunta de Galicia. Este modelo, segundo afirman,

non ten en conta os intereses da poboación, e busca beneficiar o capital privado a costa de xerar graves impactos medioambientais e expulsar ás comunidades afectadas da toma de decisións sobre os proxectos que lles afectan.

A Coordinadora tamén denuncia a falta de respecto pola xurisprudencia, que dificultan que a cidadanía se poida defender diante dos proxectos eólicos agresivos.



**OSCAR**  
ALQUILER DE COCHES

# Alquiler de Vehículos en Sarria

**VEHÍCULOS INDUSTRIALES**



DESDE **36€** /DÍA

**TURISMOS**



DESDE **30€** /DÍA

**MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS**



DESDE **90€** /DÍA

**200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO**



## TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

951 12 93 33

OSCAR.ES



## O PP pide melloras no alumado público



O Grupo Municipal Popular denuncia que “o goberno de Claudio Garrido continúa tendo parte do municipio literalmente en penumbra, desoíndo un acordo adoptado pola corporación en sesión plenaria a proposta do PP”.

A portavoz, Carmen José López, explica que “xa levamos hai máis dun ano, en novembro do 2023, este tema ao pleno a través dunha proposta para realizar un estudo de iluminación pública, en especial énfase nos puntos nos que se pon de manifesto a ausencia ou insuficiencia de iluminación co fin de corrixir esta situación”.

A popular explica que “os concelleiros do Partido Popular recibimos diariamente os comentarios e queixas de veciños que non entenden esta situación, con varias áreas nas que destaca a baixa intensidade nos puntos de luz, farois apagados ou fundidos e avarías que deixan rúas e zonas apagadas”. Por outra parte, os populares denuncian que “o sistema empregado está a ocasionar que cando a climatoloxía dificulta a visibilidade non haxa luz suficiente, os farois non se acenden e o sistema non responde cando eses farois están apagados a pesar de terse feito de

noite ou non haber luz natural suficiente”.

López advirte que “a situación incrementa o risco de accidentes e a sensación de inseguridade e decadencia”. E engade que “estas deficiencias non só afectan a visibilidade nas rúas, senón que tamén contribúen a un aumento na vulnerabilidade das persoas que transitan pola vía pública durante a noite”.

Os populares aseguran que, esta problemática, se alonga no tempo ante a preocupación da cidadanía e faise máis evidente nos meses de inverno. “Resulta inverosímil ter zonas de Sarria de tránsito habitual e diario case sen iluminar”, di.

O Partido Popular fai un chamamento urxente para que se tomen as medidas necesarias para mellorar a infraestrutura de alumado público, asegurando o funcionamento adecuado dos farois e a distribución eficiente da luz nas rúas, para garantir a seguridade e o benestar de todos os cidadáns; e recordan que “a iluminación pública non é só unha cuestión de funcionalidade ou comodidade, é tamén unha cuestión de seguridade e accesibilidade”.

## ADIF suprime catro pasos a nivel e constrúen tres novos en Sarria

Adif licitou as obras de supresión de 10 pasos a nivel na liña convencional Monforte de Lemos-Lugo-A Coruña, ao seu paso por Lugo e Sarria, cunha inversión estimada de 6 millóns de euros.

En Sarria, suprimense catro pasos a nivel situados entre os PK 389/262 e 392/136, cunha inversión de algo máis de 900.000 euros. A solución inclúe a construción dun paso inferior baixo a liña ferroviaria nas inmediacións do actual paso a nivel do PK 390/344, que será desmantelado. A estrutura será en caixón de formigón armado e executaranse camiños de unión entre os pasos a nivel clausurados e outras infraestruturas existentes.

Esta actuación en Sarria súmase á supresión doutros cinco pasos a nivel, actualmente en fase de adxudicación, que incluírán a construción de dous pasos superiores, un paso inferior, unha pasarela peonil e melloras nas vías e camiños existentes.



**CONSTRUCCIÓN DE PASOS.** Ademais, en Sarria levarase a cabo a construción de dous pasos superiores e un paso inferior, ademais da reordenación dos camiños existentes para acceder ás novas infraestruturas.

O primeiro paso superior estará na zona do apartadoiro de Oural, cunha lonxitude de 117 metros e dará acceso a unha cementeira, un camiño de servizo, a Rúa Budueira e a Rúa Agra. Contará con dous carrís para vehículos, dúas beiravías e dúas beirarrúas

para peóns.

O segundo paso superior permitirá o acceso ás parcelas da contorna, dispoñendo dunha calzada cun só carril e dúas beirarrúas. Tamén se mellorarán varios tramos de camiños para garantir unha mellor conectividade. O paso inferior estará destinado principalmente a uso gandeiro. Construírse cun caixón de formigón armado empuxado baixo a vía, terá unha anchura de 3 metros e dará acceso ás leiras próximas.

## O Concello mercou un tractor agrícola para reforzar o labor local

O Concello de Sarria investiu 30.000 euros na compra dun tractor agrícola usado para mellorar os labores de mantemento e limpeza no municipio. O anuncio da licitación publícase en decembro e foi adxudicada á empresa de Jorge González Rodríguez, que subministrará un modelo Same Silver 130, matriculado no ano 2008 e cunha garantía de 12 meses. Esta foi a única oferta presentada no proceso de licitación.

Esta adquisición ten como principal

obxectivo optimizar os servizos municipais relacionados coa limpeza e desbroce das vías de titularidade pública. Ata o momento, estas tarefas realizábanse con medios propios, tanto en persoal como en maquinaria. O novo vehículo permitirá unha maior autonomía e eficiencia nos traballos, especialmente no acondicionamento de camiños rurais e espazos próximos ás edificacións.

O tractor será empregado tamén en tarefas como a limpeza de cunetas,

a retirada de vexetación e elementos arbustivos, e a recollida de materiais procedentes do derrubamento de edificacións en mal estado. Estas actuacións son fundamentais para preservar en boas condicións as zonas rurais, mellorar a seguridade viaria e garantir un entorno limpo e accesible. Ademais, facilitará o desbroce en terreos abandonados ou de difícil acceso, contribuíndo a unha mellor xestión do espazo público e do medio rural.



VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA

¿QUIERES ALINEAR TUS DIENTES Y MEJORAR TU SONRISA?

Con la ortodoncia invisible es posible de una forma muy cómoda y discreta.

¡PIDE TU VALORACIÓN CON NUESTRO ESPECIALISTA SIN COMPROMISO!

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



CLÍNICA  
OBRADOIRO  
DENTAL



# O IES Xograr Afonso Gómez recibe un premio da AESLEME

A Asociación para a Prevención de Sinistros e Víctimas de Tráfico (AESLEME) recoñeceu o destacado labor do instituto galego IES Xograr Afonso Gómez de Sarria nos II Premios AESLEME - Juan García Reneses, outorgándolles o galardón 'Compromiso coa educación viaria'.

Este premio está destinado a centros educativos ou profesores que, durante polo menos os últimos catro anos, desenvolveran programas propios de educación viaria.

O instituto de Sarria foi premiado polo seu enfoque integral na educación viaria, que combina saúde, seguridade, sustentabilidade e inclusión. O xurado destacou a orixinalidade, transversalidade e implicación tanto do propio centro como de entidades externas.

Entre as súas iniciativas máis relevantes, o IES Xograr Afonso Gómez participou no programa STARS da DGT, que fomenta desprazamentos seguros e sostibles a pé ou en bicicleta. Ademais, colaborou en diferentes edicións da Semana



Europea da Mobilidade e ofreceu formación ao seu alumnado da man de lesionados medulares de AESLEME, así como de expertos da Dirección Xeral de Tráfico (DGT) e da Garda Civil.

Os premios AESLEME levan o nome de Juan García Reneses, médico do Hospital La Paz de Madrid, fundador da asociación e pioneiro na loita pola prevención de sinistros de tráfico. Estes galardóns buscan recoñecer a persoas e entidades que contribúen de maneira significativa á

promoción da seguridade viaria. O premio 'Compromiso coa educación viaria' ten especial relevancia, ao poñer de manifesto a importancia da concienciación e a educación en seguridade viaria dende idades temperás.

Grazas ao seu labor, o IES Xograr Afonso Gómez converteuse nun referente neste ámbito, demostrando que a educación pode ser un pilar clave para construír unha mobilidade máis segura e sostible.

# Diversa Infantil organiza unha charla xurídica inclusiva



A Plataforma de Diversidade Funcional Infantil da Comarca de Sarria organiza para este sábado, 8 de febreiro, unha charla xurídica sobre a transmisión de herdanzas e patrimonio ás persoas con discapacidade. A sesión terá lugar na Casa da Cultura de Sarria ás 11.30 horas, cunha entrada libre e sen necesidade de inscrición previa.

A avogada María José Fernández Matías será a encargada de im-

partir a charla, adaptando a linguaxe xurídica de maneira amena e accesible para que as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as familias poidan comprender mellor os aspectos legais relacionados coa herdanza e a xestión do patrimonio.

Ademais, despois da charla, os participantes poderán xuntarse para desfrutar dun xantar.



**PIZZERIA PAPPARAZZI**  
100% ITALIANI

**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en 1ª segunda pizza familiar

**-25%** en 1ª segunda pizza individual

**Martes**  
Familias de Zambón e Bacon  
8€

Servicio a domicilio  
Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria  
Tfno.: 982 012 026

**COMIDA PARA LLEVAR**

**cafe CUBAN bar**

**1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22**

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarubano@gmail.com  
Tfno.: 982 886 580

**TAPERIA | JATO**

Raciones a medida

Comidas por encargo

**COMIDA PARA LLEVAR**

AVDA BECERRA 15, SARRIA - 982.047.528



# “A comarca de Sarria ten un gran potencial no sector da madeira”

Falamos con José A. Fernández e Pablo Gallego, socios e promotores do negocio Maderas Guillar, que actúa en toda a comarca

## Cando xorde este negocio?

Iniciamos a idea no ano 2023, aínda que xa tiñamos traxectoria no sector dende hai máis de 10 anos, principalmente José, que conta con moita experiencia no mundo forestal.

## Con que motivación o poñen en marcha?

Normalmente, a xente que ten pequenas parcelas forestais ou con especies que non sexan piñeiro ou eucalipto ten moita dificultade para conseguir compradores para esa madeira, xa que os profesionais do sector adoitan centrarse nesas especies e en grandes lotes para mellorar a rendibilidade, debido ao gran movemento de maquinaria que implican. Nós vimos unha oportunidade

en solucionar esa necesidade, aínda que reducindo as nosas marxes, xa que cremos que esa madeira e esas parcelas teñen potencial.

## Cales son os obxectivos do negocio?

Os obxectivos son prestar un servizo de compra e tala de madeira a todo tipo de propietarios, principalmente na zona de Sarria, Láncara, O Incio, Samos, etc., aínda que traballamos en toda a provincia. Gustaríanos que toda aquela xente que non conseguiu vender a súa madeira porque non resulta rendible para outros compradores pense en nós para facelo.

## En que consiste o seu traballo?

O noso traballo comeza coa visita ás leiras, onde estimamos a cantidade

que se pode extraer en función da calidade e dos permisos, xa que moitas delas, ao ser especies autóctonas ou estar afectadas pola Rede Natura, precisan permisos especiais de corta. Xestionamos os permisos, negociamos un prezo coa propiedade e, cando xuntamos algúns propietarios na zona, procedemos á corta e aboamos o prezo ao vendedor. Somos moi transparentes, gústanos que o propietario, se pode, estea presente e enviamos todos os xustificantes para que quede tranquilo.

## Teñen clientes fieis?

Levamos pouco tempo con esta empresa e, ademais, normalmente a xente adoita vender todo o que ten dunha vez, xa que as especies tardan en medrar. Pero si que adoitan repetir porque quedan satisfeitos. Actualmente podemos ter preto duns 80 clientes.

## Cal é o mellor tipo de madeira?

Cada unha delas ten as súas particularidades e os seus usos. O piñeiro e o eucalipto son os que teñen unha saída máis rápida no mercado, pero requiren moita negociación tanto co cliente como cos compradores. O carballo e o castiñeiro teñen un mercado máis pequeno e obrígnanos a vendelos fóra de España na maioría dos casos. Adoitan destinarse a mobles ou estruturas cando son de boa calidade e se coidaron as plantacións ao longo do tempo; se non, utilízanse para leña. A madeira de chopo tamén ten certa aceptación para estruturas, aínda que as parcelas adoitan ser pequenas. O resto de especies, como a cerdeira, agora mesmo non teñen aceptación no mercado, polo que practicamente non teñen valor.



## Cal é o seguinte paso despois de mercar a madeira?

Nós adquirímolos e vendémolos a distintos provedores en función da especie, da calidade e da cantidade. O eucalipto utilízase fundamentalmente na industria papeleira; o piñeiro en estruturas, encofrados, embalaxe, etc.; e o carballo, o castiñeiro e o chopo para estruturas ou mobles. No caso destas últimas especies, cando non cumpren certos requisitos de tamaño e forma, lamentablemente úsanse para leña.

## Como está o sector na actualidade?

Como en todos os sectores, a falta de man de obra é palpable. Aínda que os salarios que se manexan non son baixos, requírese experiencia e é un traballo duro, polo que resulta complicado atopar xente. Con todo, nós temos sorte e traballamos con profesionais moi bos, polo que, polo de agora, non temos ese problema, aínda que ás veces resulta complicado atender a todo e contratar.

## Pensan que se pode facer máis por este ámbito?

Cremos que desde as administra-

cións deberían mirar máis polo sector forestal e “pisar” o monte. Moitos propietarios ven con resignación como, debido á cantidade de trabas burocráticas á hora de cortar, a xente non planta especies autóctonas. Non só é cuestión de esperar unha xeración para obter un rendemento, senón que, cando se quere obter, a administración non axuda moito. O feito de que haxa tantas zonas dentro da Rede Natura impide unha explotación forestal coherente, o que fai que moitas fincas se abandonen ao non poder ser explotadas.

## Como ven o futuro deste negocio?

A madeira estrutural cada vez ten máis importancia. Antes era a base de calquera construción e está volvendo debido ás múltiples vantaxes que ten. A provincia de Lugo, e especialmente a comarca de Sarria, ten un gran potencial neste sector. Nós cremos que ten moito futuro e que debe seguir sendo unha das bases industriais da provincia, algo que cómpre aproveitar.





**LIMPIEZAS ISABEL**

674 467 444  
641 171 951

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

isabelimpiezas@gmail.com

**LIMPIEZA DE:**

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

**¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?\***

**\*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

**¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!**

**TOURIST HOME**  
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS  
Tfno: 650 082 298

**GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA**  
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

**INFÓRMATE SIN COMPROMISO**



# SARRIA, unha comarca con sabor



**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering\_meson\_a\_pontenova  
 Meson pontenova

**RIO LOYO**  
Restaurante



982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA  
(Lugo)

**A Pulperia Do Luis**

**Mesón Castro**

Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Telf. 982 041 697



**HOTEL A VEIGA**

Calle Compostela 61  
Samos - Lugo  
Reservas: 982 546 052  
[www.hotelaveiga.es](http://www.hotelaveiga.es)

• PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO  
• TERNERA GALLEGA SUPREMA  
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA  
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063

Casa de Airo Padron



**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - [info@fervenza.com](mailto:info@fervenza.com)  
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones

**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL.: 639 010 696

## Sarria conmemorou o Primeiro Día Elías Valiña Sampedro o día 2



O pasado 2 de febreiro, o Concello de Sarria conmemorou o Primeiro Día Elías Valiña Sampedro, unha data significativa para honrar a memoria deste ilustre veciño sarriao no 96 aniversario do seu nacemento. A celebración tivo lugar ás 13.00 horas co acto de colocación dunha placa na casa natal de Elías Valiña, situada en Mundín, na parroquia de Santa María de Lier. Este evento levouse a cabo tras un ano repleto de homenaxes ao

seu legado, no que se celebraron diversos actos con motivo do 35 aniversario do seu falecemento en 2024. Elías Valiña Sampedro foi un dos grandes impulsores do Camiño de Santiago no século XX, sendo o inventor da icónica frecha amarela, símbolo que hoxe guía a miles de peregrinos de todo o mundo ata Santiago de Compostela. Sarria, a súa vila natal, mostrouse especialmente orgullosa de Elías Valiña Sampedro, considerándoo un dos seus fillos predilectos.

## O tellado da nave do campo da feira está a ser renovado

O tellado da nave do campo da feira de Sarria está a ser renovado por parte do Concello de Sarria, uns traballos que comezaron coa retirada da cuberta actual para a súa substitución por unha nova, máis segura e especializada. Esta actuación, que se desenvolve no marco do contrato eléctrico, suporá un mellor funcionamento do recinto feiral, permitindo que as futuras instalacións se

realicen con maior seguridade e comodidade para comerciantes e visitantes. A medida busca non só mellorar a infraestrutura do recinto feiral, senón tamén dinamizar a actividade comercial noutras áreas de Sarria durante o período de obras, que esperan rematar antes do próximo 17 de febreiro para que así o mercado poida instalarse xa na nave renovada.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeón de España absoluto  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de  
**TAEKWONDO**  
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

## Sarria Fútbolín e Os Carro x Catro recibiron axudas da Deputación

A Deputación de Lugo concedeu unha axuda de 3.000 euros a cada unha das asociacións, Sarria Fútbolín e Os Carro x Catro, como recoñecemento ao seu labor no ámbito deportivo e cultural no Concello de Sarria.

A asociación Sarria Fútbolín destacou nos últimos anos pola promoción deste deporte entre a veciñanza, organizando competicións e actividades que fomentan a participación e o espírito deportivo. Son os encargados de organizar o máster nacional de fútbolín de Sarria e que este ano 2025 chegará a súa décimo terceira edición.

Pola súa parte, Os Carro x Catro leva



tempo traballando na dinamización cultural da zona, axudando nos preparativos da ruta 4x4 da comarca e que contou no ano 2024 con 580 participantes.

Estas axudas, segundo a Deputa-

ción, enmárcanse no compromiso da institución co apoio ao tecido asociativo da provincia, especialmente en iniciativas que promovan a convivencia, o deporte e a cultura nos concellos lucenses.

## A figura de Matías López será homenaxeada en Sarria en maio

Sarria conmemorará en maio o bicentenario do nacemento de Matías López, ilustre empresario local que fundou unha fábrica de chocolate de España en 1851, Chocolates y Dulces Matías López. Ademais, foi un innovador no ámbito da publicidade, sendo o creador do primeiro cartel publicitario moderno en España, coñecido como 'Os gordos e os fracos'. Para homenaxear a súa figura, o Concello inaugurará unha exposición dedicada ao márketing pioneiro de Matías Ló-



pez, co icónico cartel outros 20 cartéis históricos, algúns deles obtidos coa colaboración da familia do empresario. Ademais, o goberno municipal

organizará obradoiros de chocolate para o público infantil e abrirá unha sala na antiga prisión dedicada á súa traxectoria empresarial.

## O Corpus Christi adiántase para evitar coincidir co San Xoán

O Concello de Sarria decidiu adiantar a celebración do Corpus Christi ao sábado, 15 de xuño, co fin de evitar a coincidencia coas tradicionais festas de San Xoán, que teñen

lugar na mesma época.

Esta decisión tomouse co obxectivo de facilitar a participación dos veciños e visitantes en ambas celebracións, evitando solapamentos que

puidesen afectar a organización e asistencia aos actos programados pois o San Xoán é unha das festas máis tradicionais da vila.

O Corpus Christi, unha das festas relixiosas máis importantes e arraigadas en Sarria, contará coa tradicional procesión polas rúas engalanadas con alfombras florais, unha das grandes tradicións do municipio. As diferentes parroquias e colectivos veciñais xa están a traballar na elaboración destas alfombras, que se converten cada ano nunha auténtica obra de arte efémera.

Deste xeito, o adiamento do Corpus Christi busca manter o esplendor de ambas festas, permitindo que Sarria siga brillando como exemplo de tradición, convivencia e participación cidadá.

Vazquez Autos

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

pelayo  
Agente Exclusivo

# DEPUTACIÓN

## O Pleno aproba mocións para mellorar o SAF e as infraestruturas

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou unha moción presentada polo PSdeG-PSOE na que solicita á Xunta de Galicia que archive os expedientes sancionadores abertos contra os concellos de Triacastela, Samos, Folgoso do Courel e Pedrafita do Cebreiro, por dificultades na cobertura do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A iniciativa, apoiada polo BNG e rexeitada polo PP, subliña que os concellos, que asumen gran parte do custo do servizo, precisan máis financiamento por parte da Xunta en lugar de sancións.

O presidente da Deputación, José Tomé, criticou que as multas, que poderían alcanzar os 20.000 euros, supoñen unha carga excesiva para municipios cunha poboación envellecida, onde o 45 % supera os 65 anos. Ademais, reclamouse a negociación cunha mellora da financiación, elevando o prezo da hora do servizo de 12 a 20 euros e reforzando os equipos de valoración da dependencia para reducir listas de espera.

Outra moción socialista aprobada insta á Xunta a reparar a estrada LU-651 no Courel e a desenvolver un plan integral para mellorar as vías autonómicas da provincia. Tomé acusou o PP de criticar obras alleas mentres “mantén abando-



nada a estrada do Courel desde hai tres anos” e sinalou que o treito entre Folgoso e Seoane está pendente desde hai máis de 15 anos.

**BNG.** Pola súa parte, o BNG presentou dúas mocións. Nunha delas, aprobada por unanimidade, solicitouse á Xunta unha cobertura médica estable nos centros de saúde de Riotorto e Oourol. Neste último, ante a falta de atención deriváronse pacientes a Muras, tamén con problemas similares. Na segunda, os nacionalistas reclamaron políticas sociais para garantir o acceso á vivenda.

As dúas iniciativas do PP foron rexeitadas. A primeira demanda-

ba unha mesa de traballo para repartir os recursos do parque móbil entre os concellos, e a segunda pedía a cesión da Casona do Incio ao concello, xunto con 250.000 euros para un proxecto veciñal, alegando abandono por parte do goberno provincial.

Finalmente, no apartado de rogos e preguntas, o PP interesouse pola axuda de 50.000 euros ao matorro de Sarria, anunciada en novembro de 2024, e pola adquisición dun supermercado no concello de Pol, que contou cunha partida de 105.000 euros. Tamén solicitaron melloras en estradas provinciais nos concellos de Cervantes e Mondoñedo.

## O Goberno provincial licita a posta en marcha do Xeopadrón

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou sacar a licitación do contrato por un importe de 1.260.000 euros para poñer en marcha o proxecto Xeopadrón. Así o anunciou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que este proxecto de “modernización e dixitalización é un paso máis cara o proceso de transformación no que levamos traballando anos desde a Deputación, en colaboración cos Concellos, a través de diversas iniciativas que melloran a xestión administrativa e a prestación de servizos públicos”.

Rivera Capón indicou que este proxecto que a institución provincial desenvolverá con fondos europeos captados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, ten

por obxectivo mellorar a calidade e a fiabilidade dos datos do padrón facendo posible a súa revisión e depuración a través dun novo sistema de xestión.

“Este sistema permitirá contrastar os datos do padrón de cada concello sobre os habitantes empadroados e as súas vivendas coas bases de datos do Instituto Nacional de Estadística. Deste xeito, o INE contará cunha información depurada, contrastada, veraz e actualizada en relación aos habitantes de cada municipio”, apuntou o deputado. O proxecto terá unha duración estimada de sete meses, cun compromiso de soporte e mantemento de seis meses tras a súa finalización, o que garantirá a sostibilidade e a calidade dos resultados a longo prazo. Ademais, a posta en marcha de Xeopadrón representa un avance

importante cara ao futuro Padrón Online, unha iniciativa do INE que permitirá crear unha base de datos xeorreferenciada de vivendas e fogares. Este salto cualitativo na modernización administrativa mellorará a actualización continua e áxil dos datos do padrón, o que optimizará a xestión de recursos e mellorará a calidade dos servizos públicos prestados aos veciños e veciñas da provincia.

“Con este proxecto, a Deputación de Lugo segue avanzando na consolidación dunha administración pública máis moderna, ao servizo da cidadanía e dos concellos da nosa provincia. Aproveitamos ao máximo as oportunidades que nos brindan os fondos da Unión Europea para mellorar a calidade de vida das nosas veciñas e veciños”, destacou Rivera Capón.



## Asinado o novo convenio colectivo e a RPT do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca; o presidente do Comité de Empresa, Álvaro Negueira Fernández; o vicepresidente do Consorcio e representante da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva Álvarez; e os representantes sindicais asinaron o novo convenio colectivo e a Relación de Postos de Traballo (RPT).

“Hoxe é un día moi importante para a provincia”, destacou Tomé Roca, quen reafirmou o seu compromiso de garantir estabilidade e seguridade laboral aos profesionais que desempeñan este servizo esencial, protexendo á cidadanía e aos seus bens fronte a incendios e emerxencias. Este acordo, pioneiro en Galicia, foi acadado tras máis dun ano de negociacións para mellorar a calidade do servizo, recoñecer o labor dos bombeiros, proporcionarlles seguridade laboral e optimizar as súas condicións económicas, dignificando

a súa figura na sociedade.

O novo convenio inclúe avances significativos, como a incorporación de 26 novos efectivos, un incremento salarial anual de 6.000 euros para a categoría de bombeiro, unha redución de 158 horas anuais na xornada laboral (das 1.800 ás 1.642 horas), e o recoñecemento como persoal laboral fixo para os traballadores con contrato indefinido tras a subrogación realizada o 1 de maio de 2019. Ademais, contempla permisos e licenzas, melloras no equipamento e uniformes, redución da mobilidade entre parques comarcais, axudas sociais e días adicionais para asuntos propios.

O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, xestionado conxuntamente pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

Este acordo marca un fito na xestión e nas condicións laborais do servizo de bombeiros en Galicia.

## Luz verde ao novo Plan Anual de Contratación

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou o Plan Anual de Contratación 2025 dotado con 27 millóns de euros. Un documento que recolle a previsión dos procedementos de contratación de servizos, subministracións e obras que desenvolverá a institución provincial ao longo deste ano. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a sesión semanal do Goberno.

Segundo indicou o Deputado, a cifra do Plan Anual de Contratación 2025 é “estimativa”, pero a elaboración deste texto “reflicte a capa-

cidade de planificación, de xestión e de transparencia deste Goberno”. Por outra banda, a Xunta de Goberno aprobou ampliar o prazo da convocatoria da VIII edición do concurso fotográfico: O Patrimonio Etnográfico Material das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares lucenses. Repartiranse 1.600 euros en premios entre os tres primeiros: 800 euros para o gañador, 500 e 300 euros. Os interesados en participar neste concurso teñen un mes máis, ata o 20 de febreiro, grazas a esta ampliación do prazo para presentar as súas fotografías

## COMARCA

## Reclaman á CHMS máis de 40 intervencións en ríos da provincia



A Federación de Asociacións Veciñais de Lugo Lucus Augusti vén de facer público o resultado dun estudo das diferentes asociacións vinculadas ao Río Miño e os seus afluentes en toda a provincia.

Nel, advirten unha serie de problemas nos leitos e demandan á Confederación Hidrográfica do Miño Sil que faga unha atención nos puntos que citan. Trátase de 41 peticións, algunhas delas nun mesmo río, que consisten principalmente na retirada de troncos e na limpeza do leito. Nalgúns casos reclaman tamén a retirada de escombros acumulados polas enchentes.

Neste estudo colaboraron unha trintena de colectivos deportivos e veciñais que expuxeron os puntos onde é máis necesaria a actuación. Así, reclaman na capital actuacións en varios puntos do Rato e do Miño, que afectan tamén ás parroquias de Orbazai, Ombreiro, Monte de Meda, Santalla de Lamas e Gondar.

Tamén se inclúen actuacións en concellos da comarca de Lugo, como en Castro de Rei (no río Pequeno, Rego de Río de Vila e río Lea), O Corgo (Marei, Poncela e Romeán), Friol (Narla) e Outeiro de Rei (Ladra, Miño, Pequeno e Parga).

Na Terra Chá tamén reclaman limpeza en Cospeito, con atención en Muimenta, Santa María e Xustás (nos ríos Miño, Támoga, Pequeno), en Begonte (Parga), Guitiriz (Labrada e Veiga), Vilalba (Magdalena), A Pastoriza (nos regos das Quintas e das Rigueiras). Na zona da Montaña subliñan actuacións en Baralla (no río Neira) e en Castroverde (no Tórdea). a zona de Sarria, destacan necesidades de actuación no río Pequeno, en Vilapedre; no Villouzán, en Goimil, e no río Galegos, xa no concello de Láncara.

Finalmente, na Ribeira Sacra sitúan puntos de intervención en no Partene (Quiroga), no Sardiñeira (O Saviñao) e no río Mao, en Monforte de Lemos.

## Novas sendas peonais nas estradas comarcais

A estrada LU-636, que conecta a localidade de Sarria co polígono industrial de O Morelle, contará cunha senda peonil de 1.410 metros, que será levada a cabo pola Xunta no marco dun plan autonómico de infraestruturas que busca mellorar a mobilidade peonil na comarca. Concretamente, a senda estará situada entre os puntos quilométricos 2,590 e 4,000. Ademais, o proxecto tamén contempla a creación de sendas peonís noutros puntos da comarca, como en Láncara e Triacastela.

En Láncara, concretamente na LU-

621, no tramo que une A Pobra de San Xiao con Láncara, instalarase unha zona peonil cun percorrido de 350 metros, que permitirá prolongar a senda existente desde A Pobra de San Xiao ata a urbanización de Valdriz.

O terceiro proxecto na comarca levarase a cabo en Triacastela, na estrada LU-633, que conecta Sarria con Pedrafita do Cebreiro. A senda terá unha extensión de 320 metros e discorrerá entre os puntos quilométricos 27,510 e 27,830, mellorando así a accesibilidade na zona urbana de Triacastela.

## Galiciencia 2025 centrarase na neurociencia e na saúde mental

Galiciencia celebra este ano o seu vixésimo aniversario, dirixíndose ao alumnado de Primaria, Educación Especial, Secundaria, FP e Bacharelato, co obxectivo de fomentar o talento innovador e emprendedor entre a mocidade. Este evento lévase a cabo en colaboración coa Consellería de Economía e Industria e a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnología – Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Xa está aberto o prazo para que os centros educativos se inscriban e os equipos presenten os seus proxectos; a data límite para facelo é o 17 de marzo. As actividades de Galiciencia desenvolveranse os días 14, 15 e 16 de maio, con opción de participación presencial e tamén *online*. Nesta edición, o evento estará centrado no tema ‘Neurociencia e saúde mental’, unha problemática que preocupa crecente á sociedade.

**PROXECTOS SELECCIONADOS.** Os centros educativos de Secundaria, Bacharelato e FP poderán presentar ata dous proxectos cada un, dos cales se seleccionarán un total de 50 para asistir á feira e competir polos premios de Galiciencia. Para a modalidade en liña, non hai restrición no número de proxectos que se poden presentar.

O equipo gañador recibirá un primeiro premio de 1.000 euros para participar en Exporecerca, a feira científica de referencia a nivel estatal que se celebra en Barcelona. O segundo clasificado contará cunha



recompensa de 500 euros, que lles permitirá asistir a Zientzia Azoka, o certame científico de Bilbao. O terceiro premio consistirá en 200 euros para adquirir material científico e/ou tecnolóxico destinado ao centro educativo.

Ademais, outorgaranse recoñecementos especiais a diversas categorías: mellor comunicación e presentación oral, proxecto máis innovador, proxecto co método científico máis definido, mellor traballo relacionado coa temática ‘Neurociencia e saúde mental’ e o proxecto liderado por unha nena ou vinculado con iniciativas que promovan a igualdade de xénero no ámbito da I+D+i. Tamén se premiará a mellor proposta na categoría de FP, así como o proxecto máis valorado polo público entre os participantes en liña.

**MÁIS ACTIVIDADES.** Como é habitual, Galiciencia contará non só

co concurso de proxectos, senón tamén con diversas actividades, talleres, concursos e espectáculos científicos. Entre eles, o alumnado de Primaria de Galicia poderá participar no concurso de deseño da camiseta oficial de Galiciencia 2025. Tamén se organizará un certame fotográfico a través de Instagram, destinado a estudantes e docentes de Secundaria, Bacharelato e FP de toda España.

Por outra banda, os estudantes galegos de 4º de Primaria ata Bacharelato poderán formar parte do desafío científico ‘Atrévete coa mente!’. Este reto consta dunha primeira fase online, na que se propoñerán tres desafíos. Para participar no primeiro reto será necesario inscribirse antes do 20 de febreiro a través da web [atrevete.galiciencia.com](http://atrevete.galiciencia.com). A fase final, que será presencial durante Galiciencia, estará reservada para aqueles que completen os tres retos *online*.

## O SAT da comarca de Sarria xa conta cunha nova profesional

O Servizo de Atención Temperá (SAT) da comarca de Sarria vén de ampliar o seu equipo cunha nova incorporación, unha terapeuta ocupacional que contribuirá a mellorar a atención que reciben os menores de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou risco de padecelos ou estean nunha situación de vulnerabilidade. Este servizo fundamental atópase na avenida de Becerreá número 22 e presta cobertura aos sete concellos da comarca.

O SAT, comprometido co benestar das familias e os menores, solicitou nunha ocasión previa unha

subvención á Xunta de Galicia para incorporar esta figura profesional. Aínda que a axuda foi concedida, o financiamento non cubría o total das horas solicitadas. Para resolver esta situación, os Gobernos locais da comarca reuníronse no salón de plenos do Concello de Sarria e alcanzaron o acordo de asumir entre todos o custo das 536 horas que quedaban fóra da subvención.

Grazas a este esforzo conxunto, o SAT poderá ofrecer unha atención máis completa e especializada, fortalecendo o apoio ás familias e garantindo unha intervención

temperá de calidade para os menores da comarca.

O Servizo de Atención Temperá presta servizo en horario de luns a xoves de 08.30 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas; mentres que os venres haberá só horario de 08.30 a 12.30 horas.

As familias que necesiten dispoñer deste servizo, poderán ser atendidas nas dependencias do colexio Nuestra Señora de la Asunción, en Sarria, onde haberá un mestre psicomotricista, unha logopeda e unha psicóloga especializadas en desenvolvemento infantil con formación específica.

# “Somos o que somos e estamos orgullosos de onde vivimos”

Óscar Fernández (Ryu), de Triacastela, e Luis Álvarez (Saha), de Sarria, son dous artistas que veñen de lanzar o seu primeiro disco ‘Xardín das Fadas’

Jessica Fernández

“Sarria ten un papel primordial no disco e queremos poñer en valor esta zona do mundo”, sosteñen Óscar, de Triacastela, e Luis, de Sarria, dous rapaces de 26 e 25 anos que veñen de lanzar o seu primeiro disco *Xardín das Fadas*, ambientado na comarca de Sarria. Neste disco, de 16 temas, nos que relatan “unha etapa rara que vivimos os dous, na que nos acompañamos. É un espazo conceptual de sucesos que nos pasaron en Sarria, Triacastela e Lugo. Despois de rematar as nosas carreiras universitarias, despois de ter abandonado as nosas casas, volvemos a Sarria onde nos xuntamos de novo, xa que estudamos xuntos no IES Xograr Afonso Gómez, e démonos conta de que queríamos representar o que somos: a feira, o río Miño, poder mercar un *chuletón* por catro euros. Queríamos poñer en valor o benestar desta zona do mundo, na que se atopa o monte Oribio onde nace o río de Sarria”, explican.

acompañaron nesta etapa da vida: as amizades, as relacións amorosas, as nosas familias, os avós... e incluso Luis é unha fada para min e eu para el, porque marca unha parte da miña vida”, explica Óscar. Pola súa parte, Luis sostén que, para el, este disco “foi como pechar unha parte da miña vida, o paso de ser neno a adulto, e a sensación de medo e á vez de seguridade por ter persoas ao meu redor como Óscar. Queremos desfrutar Sarria como nunca e diso dinme de conta ao volver aquí, nunca vira Sarria desta maneira e quero seguir neste camiño, porque para min Sarria é casa e gústame potencialo e empoderalo porque moita xente di que aquí non hai nada, pero hai moito e moito por facer”, defende o coñecido artisticamente como Saha.

Así, cre que “en Sarria hai moitas posibilidades para asentarse, xa que somos unha vila inclusiva e tamén hai migración que funciona como mecanismo de combater o enve-

Triacastela: Ao ser un concello rural, está sufrindo o abandono que pasa en toda Galicia. Vexo oportunidades, pero tamén o abandono por parte da Xunta e tamén dos concellos locais. Sen apoio das institucións e sen xente que queira poñelas en marcha, é difícil. Ademais, entre concellos do rural deberían apoiarse, pero ao ser de distintas cores políticas, non hai esa colaboración e é unha mágoa. Así, a zona cae no esquecemento,

“Gustaríanos seguir aportando á música en galego, facer música con sentido e amor, como fixemos este disco, e estamos abertos a novos proxectos”

a pesar de contar cunha contorna natural espectacular que se podería poñer en valor e presumir dela”. Pola súa parte, Luis, como historiador, engade que a Cova Eirós “non se valoriza o que debería, hai xente de Sarria que non a coñece e unha das máis importantes de Europa, non todo debe estar relacionado co Camiño de Santiago”. Ademais, critican que “non hai museos. O plano cultural pasa a segundo plano e así esquecemos a nosa historia como sarriaos. Hai que ter unha mirada máis ampla e dar posibilidades para que a xente mostre o que fai, fai falta investir na cultura”, senten.

**A EVOLUCIÓN DOS ARTISTAS.** Óscar e Luis comezan a rapear arredor dos 16 anos, cada un individualmente, e cando coinciden no bacharelato danse de conta de que ambos teñen as mesmas inxerencias, polo que empezan a quedar para *freestyle*. A Óscar sempre lle gustou escribir, polo que escribía os seus temas, collía bases de música de *Youtube* e gravábase. Luis apoiábase e pouco a pouco comezaron a gravar xuntos, xa que a Luis gústalle moito a produción musical. “Para nós eramos como un refuxio ou un para o outro, para saber se o que estás facendo está ben, que te validen”, explica Luis. O *freestyle* para eles “era facer música dunha forma xenuína, porque dicías o que pensabas”, comenta Óscar. Por outra banda, ademais das letras, a Luis gústalle moito producir



música: “Podo pasarme horas no ordenador, porque o que me enche é crear algo, unir elementos que non teñen que ver e ao unirse teñen sentido. Fago todo con teclado e cun programa que ten todos os instrumentos. Empezo cunha batería e me inspira, ou vexo unha canción que me gusta e quero facer algo parecido dándolle o noso toque. O noso disco vai por aí, xa que lle dou outra enerxía ás cancións”, explica Luis. Pola súa parte, Óscar pon en valor a complicidade entre os dous: “Cada un escribe o seu cacho e logo xuntámolo e apoiámonos, imos aconsellando e creando xuntos. Producir foi un momento de inflexión, porque Luis aproveitou todo o seu talento”. Luis engade que “tamén fago cousas con *Photoshop*; gústame deseñar e sempre estou pensando en novas ideas creativas. Óscar tivo a idea do título, *Xardín das Fadas*, e eu fixen as creatividade. Motivámonos entre nos, melloramos xuntos”, destaca.

**O DISCO, NO FONDO.** *Xardín das Fadas* trata “o amor como xeito de vida e maneira de relacionarse: dende as lembranzas das avoas, ata a toxicidade e/ou harmonía na que se pode envolver unha relación amorosa, pasando pola compañía e comprensión das amizades. Ademais, ren referencias a Portugal e todo o contexto lusófono, exemplificada en diversas referencias ao territorio e á súa cultura”, concretan. Así, din que o disco “non ten un xénero concreto, pero como letristas e á hora de poñer a nosa voz, identificámonos como rapeiros. Pero estamos abertos a crear o que nos inspire, calquera xénero”, explica Óscar, mentres que Luis defende que “a min gústame saír da zona de *comfort*, tocar calquera xénero pero que teña o noso toque, rapeamos porque non temos voz para cantar pero gustaríanos traballar con máis xente e tocar outros xéneros e seguir aprendendo de xente, non limitarnos”, comenta como proxecto a futuro. Ademais, subliña que “nós somos dúas persoas conscientes da

realidade, podemos dicir algo da cotidianidade e tamén “Altri Non”. Na nosa actitude xa se nos ve como somos e iso gústame. Non somos activistas, pero somos persoas conscientes e orgullosos diso. No disco hai reivindicación e de empregar a lingua galega porque fai falta reivindicalo como forma da cultura, pero tamén esa parte persoal. Nós somos o que somos, non é postuero”, sentencian.

Como anécdota, ambos artistas contan que a gravación enteira do disco fíxose nun armario do piso de Óscar e cun micrófono do ano 2006 que lles deixou o seu irmán. Con eses medios, “xa que podíamos gastar moito diñeiro”, gravaron os 16 sinxelos que xa se poden escoitar en *Youtube* e *Spotify*. “Utilizamos o armario porque non poidamos illar unha habitación enteira, entón metemos o ordenador dentro do armario e colgamos o micrófono como se fora unha percha. Como a roupa illa o son, puxemos unhas chaquetas e metemos a cabeza dentro do armario para gravar as cancións”, explica Óscar. Despois, veu o traballo de pos produción, da man de Luis, que sostén que “cando creas un bo ambiente, case calquera voz queda ben nunha canción. A min gústame meterme nos detalles e sacarlle brillo e a voz colle moito peso, polo que moi orgulloso de soar así sen case nada”, conclúe. Con esta vontade de seguir creando, din que o proxecto de futuro é “manter as cousas que facemos, seguir facendo música con sentido e amor, sen sacar nada por sacar. Este disco é un produto con sentido que simboliza esta etapa e que fixemos para a xente de Sarria. Agora tamén queremos colaborar con xente, pero sempre que lle vexamos un sentido, e que nos apeteza, sen expectativas. Gustaríanos seguir aportando á música en galego e aprender da música doutros referentes. Xa estamos pensando en ideas para integrar outros estilos, coa mente aberta, e sen pecharnos a nada, coas ganas que teñamos de crear”, conclúen.



“Moitas veces imos no coche a dar voltas e chegamos a nunha montaña e paramos a falar do que nos pasou e escoitamos música; a natureza, a música doutros artistas e, sobre todo, a comarca de Sarria inspíranos a facer música que poida escoitar a nosa xente e sentirse identificada, polo que tamén é para eles”, argumentan. Por iso, din que *Xardín das Fadas*, o título do disco, significa que as fadas son “as persoas que nos

lleceamento. Hai traballo, hai oportunidades e vívese moi ben. A nivel cultural tamén hai cousas, pero á xuventude fáltannos cousas, e hai que apoiar o localismo. Sarria ten que aproveitar o seu potencial e non limitarse a promover a masificación de albergues, debe haber algo máis. Gustaríame que houbera cousas chulas en Sarria porque o merece”, destaca Luis; mentres que Óscar cre que tamén se pode facer máis por

## Novas acusacións entre a oposición e o Goberno



O Partido Popular de Samos denunciou que “o Concello tivo que pagar unha multa de 10.000 euros por non cumprir as ratios de traballo no Servizo de Axuda no Fogar”, algo que desminte a alcaldesa, Chus López, sostendo que foron 5.000 euros e, “ao pagar a multa nun prazo estimado, foron arredor de 2.000 euros”. Ademais, indica que esta situación veu derivada da xestión do anterior Goberno local, con Julio Gallego e Marisol Orille, xa que houbo unha inspección e primeiro aviso en 2020, de novo en 2021 e en 2023, tres días despois de

que a alcaldesa tomara posesión, foi a terceira inspección, que derivou na multa. Ademais, López lembrou que tamén foron multados os concellos de Triacastela, Folgoso do Courel e Pedrafita do Cebreiro na provincia de Lugo. Por outra parte, Gallego denunciou que “o centro de maiores estivo máis de 15 días sen calefacción”, ao que a rexedora contestou que “houbo un problema de calefacción, pero non foron 15 días e os maiores non pasaron frío, xa que puxemos calefactores para os maiores”, concluíu.

## O proxecto ATLIC escolle Samos para ter un encontro clave

O 21 de febreiro, Samos acollerá un encontro clave para os actores españois do proxecto ATLIC (Atlantic InnoBlue Communities). Esta iniciativa impulsa o emprendemento xuvenil dentro do marco da Economía Azul. O encontro, organizado por Vida Láctea e a Cámara de Comercio de

Santiago de Compostela, explorará como involucrar á mocidade galega no desenvolvemento sostible, aproveitando os vínculos históricos da rexión cos recursos hídricos. Ademais, un obradoiro de Realidade Virtual permitirá coñecer os principios e oportunidades da Economía Azul.

## O colexio abre as súas portas para ensinar o seu modelo educativo

O CEIP de Samos organiza xornadas de portas abertas para todas aquelas familias interesadas en coñecer o seu modelo educativo e as instalacións do centro.

Cun enfoque de aprendizaxe individualizada en aulas multigrado, o colexio ofrece unha ensinanza adaptada ás necesidades de cada alumno, fomentando a colaboración con outros centros da zona e participando en proxectos innovadores como E-Dixgal, Voz Natura e Prensa Escola.

Un dos puntos fortes do colexio é o seu servizo de conciliación familiar, totalmente gratuíto. As familias poden beneficiarse do programa de madrugadores de 8.00 a 10.00 horas, asegurando un coidado temperán para os nenos antes do inicio da xornada escolar. Ademais, o colexio ofrece actividades extraescolares de 16.30 a 18.30 horas, ampliando así as opcións para que os máis pequenos disfruten dun ambiente educativo enriquecedor fóra do horario lectivo.

Jenny, mestra e nai dun pequeno que estuda no colexio de Samos, pon en valor este servizo, argumentando que “o servizo de conciliación permite ás familias que poidan traballar mentres saben que os seus fillos están en boas mans, con actividades diferentes e traballadas da man de Vanesa”, destaca.

Tamén, di que unha das mellores cousas do CEIP é “o trato personalizado”: “En Infantil, hai 9 nenos e en Primaria 13, polo que o trato é totalmente personalizado, podendo atender ás necesidades especí-



ficas de cada persoa”. Por iso, leva o seu fillo desde Sarria a Samos cada día para ofrecerlle “a mellor educación”, xa que “somos como unha familia”, subliña.

O comedor escolar é outro dos aspectos destacados do centro, xa que conta con dúas cocineiras propias que elaboran menús saudables e equilibrados cada día, garantindo unha alimentación de calidade para o alumnado. O servizo de comedor e transporte escolar está dispoñible para todos os nenos matriculados no centro, facilitando aínda máis a conciliación para as familias. O CEIP de Samos invita a todas as familias a coñecer de primeira man as súas instalacións e a súa oferta educativa. Para máis información e reservas, pódese contactar co centro a través do teléfono 982 82 59 ou o correo ceip.samos@edu.xunta.gal.

**UN NOVO PARQUE INFANTIL.** Rematouse o novo parque infantil do colexio de Samos, cumprindo cun deseño accesible e inclusivo para

garantir que todos os nenos poidan gozar das súas instalacións. Esta iniciativa foi impulsada pola ANPA CEIP Samos, o Concello e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e contou con 15.000 euros, co obxectivo de contribuír á mellora das instalacións do centro educativo.

Así, instaláronse novos equipos pensados para ser inclusivos, como dous paneis de xogos interactivos e un bambán con capacidade para dous nenos, que permite que os máis pequenos, incluso os que non teñen control postural, poidan gozar da actividade de forma segura. Ademais, incorpórase un balancín con respaldo para que tamén os nenos con dificultades motoras poidan participar.

Ademais dos xogos, os traballos incluíron a explanación dos terreos, realizados con recursos do propio Concello, e a instalación dun pavimento de caucho para garantir a seguridade dos usuarios.

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com

MADERAS GUILLAR

COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO: CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO

(fincas de calquera tamaño)

ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO



645 958 789 (Pablo)



660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO



## Os organizadores do Festival Terra Brava do Incio anuncian a data

O festival de rock Terra Brava do Incio volve en 2025 cunha nova edición cargada de música e celebración. A organización anunciou que a cita será o próximo 16 de agosto, marcando unha data imprescindible para os amantes do rock e a troula en Galicia.

Ademais, como adianto, xa se confirmou unha das bandas que animará a xornada. Trátase da potente Mekanika Rolling Band, coñecida polos seus vibrantes espectáculos cheos de enerxía e diversión.

Na súa edición de 2024, o Terra Brava do Incio contou cunha destacada programación de bandas



de folk e rock galegas como Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre, Peter Selek, O Val das Mouras, O Sonoro Maxín e Guezos, consolidándose como un evento de referencia na escena musical

galega.

A organización anima a gardar a data para gozar, un ano máis, de boa comida, música e unha festa inesquecible no corazón de Galicia.

## Conceden axudas no Incio para proxectos de enerxía fotovoltaica

A Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) concedeu unha subvención de 14.887 euros ao Concello do Incio para o desenvolvemento de proxectos de enerxía fotovoltaica, segundo recolle o Diario Oficial de Galicia (DOG) do 16 de xaneiro. Esta axuda, que forma parte das iniciativas da Xunta para fomentar o uso de enerxías renovables, permitirá ao municipio avanzar cara a unha maior sustentabilidade enerxética. Os fondos serán destinados á instalación de sistemas fotovoltaicos que contribúan á redución



do consumo enerxético e ao aproveitamento de recursos renovables, beneficiando tanto ás infraestruturas públicas como á cidadanía.

Con esta actuación, o Concello do Incio reafirma o seu compromiso co medio ambiente e a transición cara a fontes de enerxía máis limpas e sostibles.

## O alumnado do obradoiro de emprego xa acomete melloras

Xa comezaron os traballos de mellora do municipio por parte dos sete alumnos e alumnas do novo obradoiro de emprego do Concello de O Incio, Bóveda e A Pobra do Brollón. Así, iniciaron os labores de mantemento en beirarrúas e zonas verdes. Este obradoiro, financiado pola Consellería de Emprego con 412.000 euros, servirá para acometer diversas intervencións de mellora en xardíns e espazos públicos. Concretamente, algunhas das actuacións previstas realizaranse en Trascastro e A Ferrería, dentro da contorna da aldea modelo e dos muíños.


maderas grandas



MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
[www.maderasgrandas.com](http://www.maderasgrandas.com) | [info@maderasgrandas.com](mailto:info@maderasgrandas.com)

## A Casona continúa a ser motivo de discusión



Os deputados do Grupo Provincial Popular pediron no pleno da Deputación de Lugo que a entidade provincial iniciara os trámites necesarios para transferir ao Concello do Incio a Casona, para que o propio Concello poida desenvolver un proxecto que beneficie a toda a veciñanza creando un espazo de uso público. Porén, a proposta foi rexeitada e denegouse un convenio de 250.000 euros destinado á rehabilitación do inmoble.

O deputado provincial e alcalde do Incio, Héctor Corujo, lamentou esta decisión, dicindo que é “dar as costas aos veciños do Incio e abandonar un edificio de alto valor patrimonial”. Corujo destacou a contradición dentro do partido socialista, xa que no pleno celebrado no Concello do Incio o pasado 30 de decembro de 2024, os concelleiros socialistas votaron a favor da cesión e da axuda económica para a rehabilitación, mentres que no pleno da Deputación PSOE e BNG votaron en contra. Héctor Corujo criticou á Deputación por abandonar a Casona do Incio malia comprometerse en diversas ocasións a súa rehabilita-

ción. “Cada día que pasa, o edificio está en peor estado, e os gobernos provinciais non cumpriron co prometido”, denunciou.

O alcalde lembrou que tanto os veciños do Incio como o Partido Popular levaron a cabo múltiples iniciativas para a recuperación da Casona. En agosto de 2018, veciños do municipio concentráronse para esixir a rehabilitación do inmoble, mentres que, en xullo de 2021, o Grupo Provincial Popular conseguiu unánime dunha moción para instar á Deputación a acometer a rehabilitación integral.

Porén, segundo Corujo, as únicas accións realizadas pola Deputación ata o de agora limitáronse a apuntalar o edificio. “É unha actuación necesaria, pero insuficiente e lonxe da rehabilitación integral comprometida”, engadiu. Corujo finalizou reiterando o seu compromiso cos veciños do Incio e co patrimonio cultural da provincia. “Non permitiremos que a Casona do Incio quede abandonada. Seguiremos defendendo o que é xusto para o noso municipio e para o futuro deste edificio emblemático”, afirmou.



Supermercados **PARADELA**

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo  
27611 **PARADELA** / Telf.: 982 541 532

# “Asumo esta responsabilidade con ilusión por facer cousas”

**Miguel Fernández asume o cargo de concelleiro polo BNG no Concello de Láncara despois de que Iago Bande renunciara á súa acta**

Jessica Fernández

**Como asume o cargo de concelleiro?**

Asumo este posto con ilusión e coa expectativa de intentar facelo tan ben como Iago Bande. Fáltame experiencia, porque é a primeira vez que estou de concelleiro, xa que nas anteriores eleccións conseguimos só un escano, por 19 votos non entrei, e será un reto que asumirei con responsabilidade e traballo.

**Como cre que será a consideración da poboación de Láncara da súa persoa?**

Eu creo que, como cidadán, penso que é boa; xa que me coñecen, aínda que non saben como son como concelleiro, pero espero que teñan a mesma. É algo novo para min e intentarei facelo o mellor posible, xa que non só son veciños, moitos dos cidadáns de Láncara son amigos aos que poden axudar.

**Falando de traballo, seguirá a mesma liña que ata agora?**

Si, por suposto. Para min, Bande foi un gran concelleiro e sempre estivo disposto para o pobo. Fixo todo o que lle deixaron, porque é difícil estar na oposición, e máis cando os que gobernan teñen maioría absoluta. Pero seguiremos trasladando as demandas dos veciños e as veciñas aos plenos, e a ver que se pode facer.

**Defenderon a importancia de non eternizarse nos cargos, por**

**que é importante isto na política?**

Como todo na vida, é importante saber deixar paso a outras xeracións e ver se se pode facer algo máis. Para min, persoalmente, é unha magoa que Iago Bande abandone porque todos os seus compañeiros pensamos que o estaba facendo de marabilla, pero confía nun proxecto novo e xa quedan dous anos para as próximas eleccións municipais, polo que é importante que me vaian coñecendo tamén os veciños como concelleiro.

**“O municipio ten moitas necesidades porque está moi abandonado. Só se fan cousas na Pobra de San Xiao pero hai que atender a todas as aldeas”**

**Cales son as necesidades que ve o BNG en Láncara?**

Desde o BNG cremos que está todo moi abandonado. Hai zonas nas que está todo deixado. Só se fai algo cando son eleccións, pero o resto dos anos deixan as aldeas sen arranxar e deteriáranse. Hai estradas lo-

cais en moi mal estado, camiños sen limpar, xente que non ten un acceso decente á súa vivenda... Moitas veces son os veciños os que van limpando... E non pode ser que a escusa sexa sempre a falta de persoal. Por outro lado, fai falta vida cultural promovida por parte do Concello. E tamén é un problema o estado dos puntos limpos, que están cheos, polo que a xente tira o lixo fóra. Está todo sen recoller en puntos limpos como o de Lama, o de Traslite... E outro problema é que o Goberno local se centra só na Pobra de San Xiao, que si, é importante, pero hai que atender a todo. Nas aldeas hai escolas pechadas, que non se poden utilizar como locais porque teñen os cristais rotos e están abandonadas, pero ás veces os veciños necesitan esas instalacións para facer reunións e acaban reuníndose na casa dalgún veciño ou na rúa.

**Como se poden arranxar estes problemas?**

Eu penso que o maior problema é a actitude do Goberno local, xa que a Deputación de Lugo axuda moito, polo que é cuestión de pedir. En Baralla e O Corgo non son do partido da Deputación e están mellor que nós en canto á recollida de lixo nos puntos limpos. O Concello avisa e veñen recoller, polo que está mellor xestionado que aquí, que



podería ser igual. Os veciños e veciñas trasladánnos queixas e nós dámoslles voz, porque cremos que hai que atender a todos igual. Pero si que é certo que sorprende como está Láncara e, á hora de votar, sempre saen elixidos.

**Cales son os proxectos máis urgentes que levarán a cabo desde o BNG?**

Seguiremos unidos Iago e eu para seguir a mesma liña de traballo, tendo como prioridade o impulso do sector primario en Láncara e na comarca. Hoxe é moi difícil que a xente siga no sector primario, por iso haberá que buscar axudas e impulsar dalgunha maneira aos empresarios para subvencionar que poidan contratar persoas para traballar aquí. No sector primaria trabállanse os 365 días traballando e unha persoa soa non

pode con todo. Por outro lado, queremos apostar tamén polo comercio local, pedindo algunha axuda para que a xente poida asentarse o seu negocio aquí e tamén que a veciñanza apoie este comercio, en vez de ir a Sarria ou Lugo, porque se non moitos pechan. Finalmente, tamén nos centraremos en seguir traballando por propoñer máis políticas de conciliación e benestar, sobre todo enfocados no Servizo de Atención Temprá. Así como tamén promoveremos que haxa unha parte cultural e deportiva. Concretamente, estamos pendentes dunha axuda que lle pedimos á Deputación de Lugo para arranxar o teito e os vestiarios do pavillón municipal, co fin de que se poidan desenvolver da mellor maneira posible as Escolas Deportivas de Láncara.

**FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL S.L.**

- AEROTERMIA
- SUELO RADIANTE
- BIOMASA
- INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

**¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!**

**Tapisa, s.l.**

**TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA**

982 533 165  
646 599 185  
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

## láncara

## A XXVI Feira Degustación da Tenreira Galega xa ten programa

A XXVI Feira Degustación da Tenreira Galega de Láncara terá lugar os días 30 de abril e 1 de maio de 2025. Este evento, declarado Festa de Interese Turístico de Galicia, combina tradición, gastronomía e actividades culturais no corazón da provincia de Lugo.

Así, o 30 de abril celebrarase a XV Festa dos Avós, que incluírá unha foliada popular e a degustación gratuíta de carne de Tenreira Galega Suprema na Praza dos Labradores.

Pola súa banda, durante a xornada do 1 de maio haberá unha exposición de gando vacún, unha poxa de xovencas na que os compradores serán premiados por Caixa Rural, e degustacións de



carne de Tenreira Galega Suprema e outros produtos do campo. O evento está organizado polo Concello de Láncara, en colaboración coa Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e diversas entidades locais.

É unha oportunidade única para gozar dos sabores da gastronomía galega, coñecer as tradicións rurais e explorar unha contorna natural incomparable como o que rodea a emblemática ponte medieval da localidade.

## A nova ponte de Supena podería estar rematada a finais de mes

A construción da nova ponte de Supena, na parroquia de Ronfe atópase na súa fase final co formigonado do taboleiro. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) estima que as obras estarán rematadas a finais de febreiro. Cun orzamento superior aos 600.000 euros, o proxecto incluíu a demolición do antigo viaduto e a construción dun novo.

A empresa encargada da execución aínda debe completar o asfaltado e a instalación das barreiras de seguridade, entre outros detalles finais. A ponte anterior sufriu danos estruturais nun dos seus piares, situación que se agravou coas crecidas do río Sarria en xaneiro de 2023. Debido ao seu deterioro, o Concello deci-



diu pechala ao tráfico e optar pola construción dunha nova estrutura no mesmo lugar para garantir a súa integración coa rede viaria.

diu pechala ao tráfico e optar pola construción dunha nova estrutura no mesmo lugar para garantir a súa integración coa rede viaria.

## paradela

## 352.000 euros para a rede de abastecemento



O Concello de Paradela sacou a licitación un contrato por valor de preto de 352.000 euros para garantir o funcionamento, mantemento e conservación da rede de abastecemento de auga, depuración e sumidoiros do municipio.

Este contrato, impulsado polo goberno local liderado por Montserrat Mulet, busca que unha empresa especializada asuma o mantemento en óptimas condicións das estacións de tratamento de auga potable, das redes e depósitos vinculados ao abastecemento, así como dos sumidoiros e da estación depuradora de augas residuais.

Segundo o prego de condicións, o

obxectivo é asegurar o bo funcionamento e realizar os traballos necesarios para que a calidade da auga potable e dos efluentes sexa adecuada, garantindo a potabilidade e o cumprimento dos requisitos legais esixidos.

A xunta de goberno local aprobou este contrato nunha sesión celebrada en novembro, cunha duración prevista de dous anos. As empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ata o próximo 24 de xaneiro.

Ademais, o Concello de Paradela tamén está en fase de licitación para o Servizo de Axuda no Fogar, cun orzamento base de 753.000 euros.

## Mulleres de Paradela organizan unha gran festa de Entroido

A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela organiza unha gran celebración de Entroido o próximo 23 de febreiro no Mercado Gandeiro de Paradela. O evento, baixo o lema 'Comida e Baile', promete diversión para todos os asistentes.

O programa comezará cunha sesión

vermú ás 13.00 horas, seguida dun xantar ás 14.00 horas e dun baile posterior que estará amenizado polo dúo musical Dilema.

As inscricións están abertas ata o 18 de febreiro de 2025 Asociación convida veciños e visitantes a gozar desta xornada festiva chea de música.

# INVISTE EN PARADELA

**FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.**

20 ANOS



## o páramo

## O CEIP organiza unha sesión de portas abertas



O vindeiro luns 17 de febreiro, o CEIP Plurilingüe do Páramo, situado en Viarmosteiro, celebrará unha xornada de portas abertas para todas as familias interesadas en coñecer o centro. O evento comezará ás 15.15 horas e ofrecerá unha oportunidade única para descubrir as instalacións e os proxectos educativos deste colexio.

Durante a xornada, realizaranse diversas actividades para amosar as metodoloxías innovadoras e o carácter plurilingüe do centro, destacando o seu compromiso coa formación integral do alumnado.

Para máis información, as familias poden chamar ao teléfono 982 828 305 ou visitar o colexio.

## O Páramo acolle unha xornada para poñer en valor o rural

O Concello do Páramo foi o escenario da xornada 'Transformación e crecemento no rural galego', un evento organizado polo Polo de Emprendemento de Sarria en colaboración coa Gandería Quintián, que acolleu a actividade.

O obxectivo deste encontro foi destacar as oportunidades de emprender no medio rural, así como dar a coñecer os recursos dispoñibles que ofrece o Goberno galego para a creación e consolidación de negocios.

A xornada contou coa participación da directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Carmen José López, quen subliñou a importancia destas iniciativas para o desenvolvemento económico das zonas rurais.

Actualmente, a provincia de Lugo conta con cinco destes centros situados en Sarria, A Fonsagrada, Friol, Mondoñedo e Monforte de Lemos, onde xa se ten prestado atención a case 800 proxectos empresariais.



**ATENCIÓN FAMILIAR**  
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE  
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA

**HORARIOS**  
DE LUNS A SÁBADO  
Horario continuo  
de 9:00 a 21:00 h.  
**DOMINGOS E FESTIVOS**  
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA  
[www.facendafarruquino.gal](http://www.facendafarruquino.gal)

## triacastela

## O PSOE denuncia ante a Valedora do Pobo a falta de plenos locais

O Grupo Municipal Socialista de Triacastela presentou unha queixa formal ante a Valedora do Pobo pola reiterada ausencia de convocatoria de plenos ordinarios no Concello de Triacastela.

O voceiro socialista, Miguel Ángel Fernández, criticou esta situación, cualificándoa como unha vulneración dos principios básicos de participación e transparencia democrática. Segundo Fernández, trátase dun exemplo máis da "opacidade coa que a alcaldesa xestiona o Concello".

"É inaceptable que os veciños e veciñas de Triacastela queden á marxe das decisións que afectan ao seu día a día pola falta de convocatoria de plenos, que son o foro principal para a rendición de contas e o debate político", afirmou o portavoz socialista.

Tamén destacou que a celebración dos plenos está sendo arbitraria: "Temos plenos cando ela considera.



Tivemos un en novembro que tería que celebrarse en outubro e tampouco houbo pleno en agosto. Non se están seguindo os procedementos aprobados no pleno de organización. A actitude da alcaldesa non é seria nin transparente".

Desde o PSOE consideran que esta falta de convocatorias responde a un intento deliberado de silenciar á oposición e limitar o acceso da cidadanía á información pública. Ademais, insisten en que este proceder incumpre a obrigatoriedade legal

de convocar plenos ordinarios de forma regular.

O PSOE busca defender o dereito da veciñanza a unha administración transparente e participativa. "Queremos garantir que o goberno local cumpra coa súa obriga de rendición de contas", sinalaron desde o grupo socialista. Finalmente, Fernández asegurou que seguirán atentos e traballando para que Triacastela recupere os valores de democracia, transparencia e proximidade que merecen os seus veciños e veciñas.

## O CEIP Eduardo Cela Vila celebra as súas xornadas de portas abertas

Ao longo do mes de febreiro, o CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela organiza as súas xornadas de portas abertas, unha oportunidade para que todas as familias interesadas poidan achegarse e coñecer de primeira man o centro educativo, as súas instalacións e o seu proxecto pedagóxico.

Este colexio rural destaca pola súa metodoloxía baseada nunha comunidade de aprendizaxe con aulas multigrado, promovendo un ensino emocional, individualizado e significativo. O centro ofrece un horario escolar de 9.45 a 15.45, incluíndo servizos de transporte,



comedor e actividades extraescolares. Entre as actividades que desenvolven os seus alumnos atópanse informática, inglés, club de deporte, club de lectura do Oribio

e natación na piscina climatizada en Sarria. Ademais, o colexio forma parte de proxectos como o Plan Proxecta+ (Museo Escolar do Patrimonio de Triacastela), Voz Natura (O Horto do Oribio - As Formas da Natureza) e Prensa na Escola - O Papagaio.

As familias interesadas en asistir ás xornadas de portas abertas poden contactar co centro a través do teléfono 982 828 289 ou do correo electrónico [ceip.eduardo.cela@edu.xunta.gal](mailto:ceip.eduardo.cela@edu.xunta.gal) para concertar a súa cita no horario que mellor lles conveña.

O obxectivo é que a comunidade educativa e as novas familias coñezan de preto o seu proxecto educativo e se animen a formar parte desta escola rural.

**PINTOR**

**PINTURAS HOGAR LATAS**  
tel.: 659 76 79 36

**PINTURAS - BARNICES**  
**PERSIANAS**  
**PAPEL PINTADO**  
**TARIMA FLOTANTE**  
**659 767 936**  
**HOGAR**  
**CORTINAS - STORES**  
**RIELES**  
**ALFOMBRAS**  
**EDREDONES**  
C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
**SARRIA (Lugo)**

## DEPORTES

# Comezan as Escolas Deportivas de Snooker en Sarria da man de Gussy

As Escolas Deportivas de Snooker volven a Sarria da man de Juan Pedro Durán, máis coñecido como Gussy, e a colaboración do Concello de Sarria, que volve ceder o espazo da Feculera para que se desenvolva esta actividade. Despois duns meses de parón debido ao cambio de titularidade da Feculera, e tras valorar outros espazos nos que poder desenvolver a actividade billarista, finalmente as mesas quedan na Feculera, onde Gussy impartirá as clases da Escola de Snooker de Sarria.

“Espero que teñan o mesmo éxito ou máis que a primeira vez que promovín dar clases de snooker aquí. Xa teño moitas mensaxes de persoas de Sarria, de Monforte, de Lugo e incluso de Asturias que queren vir probar”, explica o deportista. Arredor de 30 persoas, tal e como indica Gussy, serán os que disfruten destas clases, que estarán programadas para un día a unha hora e pactadas entre mestre e alumno, xa que estas serán totalmente personalizadas.

“O que ten que facer unha persoa que queira vir á Escola de Snooker



é falarme e axendar un día a unha hora concreta. Durante a clase, que durará unha hora ou hora e media, non virá xogar, virá aprender teoría e práctica comigo, polo que darei clases a unha persoa ou dúas de cada vez, para que sexa o máis personalizado posible”, explica Durán.

Ademais, Gussy subliña que “o alumno non ten que pagar matrícula, non ten que pagar mensualidade e tampouco ten que comprometerse durante ningún espazo de tempo. Só hai que quedar comigo para recibir unha clase personalizada e podes recibir as clases que queiras sen com-

promiso de volver, desde febreiro a xuño”.

A ilusión por empezar con estas clases mostrouse na presentación das Escolas Deportivas de Snooker de Sarria, que consistiu nunha *masterclass* na que, durante tres horas, Gussy explicou as orixes do billar e do snooker, así como a súa evolución, as normas que hai que respectar, os requisitos técnicos... e, despois, ensinou como o facía, para dar pé a que os participantes da actividade tamén se sumaran a esta parte práctica e saborearan a realidade do snooker, o que “foi moi gratificante”, conclúe.

# O Club Clásicos organiza o III Rally de Regularidade Vila de Sarria

O Club Clásicos Sarria organiza a terceira edición do Rally de Regularidade Vila de Sarria, que se celebrará os días 2 e 3 de maio de 2025, con importantes novidades que prometen facer deste evento un referente para os amantes do motor clásico.

Así, este ano coincidirá na fin de semana na que se celebrará, tamén, a Pretorian Race Sarria Extreme, a Feira de Antigüidades e a Expocidades, promovendo que se xunten milleiros de persoas na vila de Sarria.

Con respecto ao programa do rally, este dará comezo o venres 2 de maio coa apertura do parque pechado ás 20.00 horas, onde se reunirán os vehículos participantes. O parque pechado sitúase normalmente na rúa Marqués de Ugena, aínda que non se fixo unha elección definitiva do lugar. Nesa noite terá lugar un “tramo espectáculo”, percorrendo as rúas da vila e saíndo tamén á estrada.

Por outro lado, este ano, os organizadores ofrecen a posibilidade

de inscribirse unicamente para a xornada do sábado, facilitando así a participación de máis afeccionados. Os participantes que compitan desde o venres recibirán unha bonificación especial para os tramos do sábado, ademais de optar aos trofeos que se outorgarán exclusivamente aos gañadores dos tramos do primeiro día. Para os vencedores absolutos do rally, haberá non só trofeos, senón tamén

premios económicos.

En total, ao longo de ambos os días, as persoas participantes cubrirán un percorrido duns 200 quilómetros.

O evento tamén conta con opcións de aloxamento para a noite do venres ao sábado, con información dispoñible a través do contacto de Iker (639 722 878) ou o correo electrónico [clasicossarria@gmail.com](mailto:clasicossarria@gmail.com).

**STIHL**

**PRESUME DE JARDÍN**

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÓBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL

**Ferretería Sarria**

Pedro Saco 33, Sarria.  
Telf. 982 532 202

# O CB Sarria presenta a tempada 2024/2025



O Club de Baloncesto Sarria organizou a presentación oficial da tempada 2024/2025 nun evento que tivo lugar no pavillón do Chanto. O acto reuniu xogadores, adestradores, familiares e representantes institucionais.

Na actualidade, o CB Sarria conta con 15 equipos federados, distribuídos en oito masculinos e sete femininos, que compiten en primeira división, segunda autonómica e na liga provincial. Ademais, o club dispón doutros dez equipos de base, formados por aproximadamente 270 nenos e nenas de diferentes colexios da comarca. Durante o evento, estes pequenos deportistas protagonizaron un emotivo xesto ao formar a composición das letras ‘CB Sarria’ no pavillón.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, destacou a longa traxectoria da entidade, que “leva décadas fomentando o deporte de base no concello de Sarria e na contorna”.

O CB Sarria inicia unha nova tempada con renovadas expectativas

e o obxectivo de seguir medrando e consolidándose como unha referencia no baloncesto galego.

**ASCENSO DO FEMININO.** O Club Baloncesto Sarria celebra un logro histórico co ascenso do equipo infantil feminino Maderas Grandas á Liga Galega tras a súa destacada actuación en Marín. Baixo a dirección de Miguel Ángel Hoyo, este equipo demostrou o seu talento e esforzo ao longo de toda a tempada.

O equipo está formado por Sara Gabriela, Helena Boo, Jimena Trevijano, Noa Bellas, Alicia Poyatos, Andrea Vázquez, Abril Saa, María Grandas, Uriel Gutiérrez, Ainhoa Rodríguez e Sheila Vázquez, que traballaron conxuntamente para acadar este importante obxectivo. O club agradece a Miguel Ángel Hoyo a súa dedicación, ás xogadoras polo seu compromiso e ás familias polo seu constante apoio neste camiño. Este ascenso é froito do esforzo colectivo de todas as persoas implicadas.

**ALBORADA**  
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H  
646 046 954



WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59  
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

## O IV Trail Xacorun será o 30 de marzo



O próximo 30 de marzo de 2025 terá lugar o IV Trail Xacorun, un evento deportivo único que permitirá aos participantes vivir a experiencia de percorrer unha das etapas máis fermosas do Camiño de Santiago.

O Trail Xacorun contará con tres modalidades para adaptarse a todos os niveis e preferencias. Haberá un camiño individual de 23 km, con saída ás 9.30 horas, no que os corredores poderán desfrutar dun percorrido esixente en solitario.

Ademais, celebrarase un camiño de relevos de 23 km, tamén con saída ás 9.30 horas, para aqueles que desexen compartir esta experiencia con amigos ou compañeiros. Por último, poderase participar nun camiño curto de 10 km, con saída ás 10.30 horas, ideal para quen busque unha opción máis accesible. Este evento, que xa ten as súas inscricións abertas, ofrece varias formas de facer esta etapa do Camiño de Santiago.

## O Club Seurri segue sumando éxitos no tiro con arco

O Club Seurri de Sarria continúa a demostrar o seu gran nivel no tiro con arco, acadando destacadas posicións en distintas competicións recentes. No Campionato Galego por Equipos, o club logrou o 4º posto, deixando a súa pegada nesta proba autonómica. O equipo, formado por Sandra, Coren, Cristina e Ángela logrou alcanzar a medalla de bronce.

Ademais, os arqueiros do Seurri tamén participaron no VI Torneo de Eliminacións Torre de Hércu-

les, organizado polo Club Cutarc, e desprazáronse ata As Pontes de García Rodríguez para competir no XXV Trofeo Concello Las Vegas "Silex Style". Nesta última cita, os deportistas do club lograron colarse entre os 16 mellores, avanzando ata as rondas de *shoot-off*. Destacaron especialmente Ángela, que acadou un impresionante 8.º posto, e Francisco, que rematou en 9.ª posición. Estes resultados consolidan ao Club Seurri como un dos referentes galegos no tiro con arco.

## A V Pretorian Race Sarria Xtreme celebrarase o vindeiro 3 de maio

O vindeiro 3 de maio, a localidade de Sarria acollerá a V edición da Pretorian Race Sarria Xtreme, unha das probas máis agardadas do calendario de carreiras de obstáculos. Os participantes terán que enfrontarse a un percorrido de 7 quilómetros, no que deberán superar ata 40 obstáculos deseñados para poñer a proba a súa resistencia e habilidade. En canto ás categorías, a proba contará con tres modalidades: elite, dirixida a corredores de alto nivel que compiten en ligas nacionais, europeas e internacionais; popular, destinada a equipos que queiran afrontar xuntos o desafío; e *started*, para



os que se inician neste tipo de competicións.

Aínda que non se confirmou todo o programa para este ano, agárdase que a edición deste

2025 sexa tan exitosa como a do ano pasado, que contou con 600 participantes chegados de diferentes puntos de España e Portugal.

## AC Taekwondo Sarria destacou no Campionato Galego Absoluto

A AC Taekwondo Sarria comezou o ano cunha destacada participación no Campionato Galego Absoluto de Taekwondo, celebrado en Monforte e organizado polo club Neka.

O campionato contou coa participación de dous representantes do club, Mateo Fernández e Álex Losada. Mateo realizou unha gran actuación, pasando en primeiro lugar á final tras un excelente desempeño nas roldas previas.

Porén, un erro nun dos *poomsae*s da final penalizouno, relegándoo ao terceiro posto do podio. A pesar deste resultado, o club destaca a evolución e o esforzo de Mateo: "A súa progresión está a ser moi boa, non podemos pedir máis do



noso competidor".

Pola súa banda, Álex, adestrador do club, acadou dúas medallas de ouro: unha na categoría individual sénior 1 e outra na modalidade de tríxunto con Carlos e Marco, do club Neka.

A seguinte data destacada no calendario da AC Taekwondo Sarria é o vindeiro 22 de febreiro, xa que están á espera de confirmación por parte da Selección Galega para participar no Campionato de España.

## Xa hai datas para os torneos de fútbol sala de Samos e de Sarria

O XXXII Torneo Fútbol Sala Samos 2025 terá lugar os vindeiros 17, 18, 19 e 20 de abril, organizado polo Samos Fútbol Sala e coa colaboración do Concello de Samos e a Deputación de Lugo. Este evento contará con equipos de distintas categorías que se disputarán o título nunha competición chea de emoción.

Os equipos interesados en participar poden inscribirse ata o 15 de abril ás 14.00 horas. A inscrición pode realizarse a través dos números de contacto 626 005 570 e 630 656 357, cun custo de 150 puntos,

que inclúe tamén o seguro para os xogadores.

O sorteo para determinar os emparellamentos dos equipos levarase a cabo o 15 de abril ás 21.00 horas na Adegas Cafetería Abadía de Samos, un evento que tamén promete ser un momento de encontro para os afeccionados ao fútbol sala.

**TORNEO SAN XOÁN.** Pola súa parte, o XXXV Torneo de Fútbol Sala San Xoán disputarase os días 20, 21 e 22 de xuño de 2025 no pavillón José Mario González (O Chanto).

A organización, formada por Leandro Rodríguez López "Leo", Toni Saa González, Emilio Saa González, Roberto Saa González, Pedro Castro Leira "Monarca" e David Arias López "Chavea"; manterá o formato do ano pasado, con premios para os oito primeiros equipos, ademais de galardóns individuais para o mellor xogador, mellor porteiro e o Quinteto Ideal do Torneo.

Na edición de 2024, o campionato contou coa participación de 25 equipos de Quiroga, Monforte e Sarria.

C-27-000501



YTÚ  
¿CÓMO  
HABLAS?

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria  
Tfno.: 669 260 537 m\_marll@hotmail.com

# “Loitamos por conservar a poboación de peixe e o río Neira”

Eduardo Javier Rodríguez Castro, presidente do Clube de Pesca Río Neira, e Alejandro Pérez Trebolle, secretario, poñen en valor o seu labor

Jessica Fernández

“O conservacionismo é o único modo de asegurar que esta actividade teña futuro”, explican o presidente e secretario do Clube de Pesca Río Neira, Javier e Ali, que apostan pola pesca sen morte para “poder manter unha cantidade estable de salmónidos no río Neira e así poder seguir practicando a pesca a mosca durante moitos máis anos.

Comezando polo principio, o Clube de Pesca Río Neira xorde en 2020, durante unha videochamada que fixeron uns amigos pescadores no

e conveniando coa Xunta os coutos de pesca: dous tramos en Láncara, un con morte e outro sen morte; e outro na zona recreativa de Valdriz, na Pobra de San Xiao.

“O noso obxectivo, desde o primeiro momento, é conservar o río, xa que nós o que queremos é que o río estea ben e cada vez mellor, cunha poboación de peixe estable e de maior cantidade. Apostamos pola pesca sen morte porque somos conservacionistas e así esta enfocado o club, porque cremos importante promocionala que de cara a futuro para

que vaia o pase ben e tamén queremos atraer a pequenos para introducirse na pesca, pero non hai moita afección nova que se una, tira moito a tecnoloxía”, explica o presidente, que defende os beneficios desta actividade: “O contacto coa natureza, fas exercicio porque vadear no río custa, coñeces tipoloxías de peixes e de insectos, adquires coñecementos... E para os adultos tamén é unha terapia, porque desconectas. Ademais, é unha actividade que se pode facer individualmente, pero tamén podes ir con amigos ou quedar logo para comer, así que che permite moitas posibilidades”, sostén.

**AS INICIATIVAS DO CLUB.** Entre as actividades que organiza o Club destacan as xornadas técnicas, que este ano fan o seu cuarto aniversario o 8 de febreiro. “O primeiro ano que nos fundamos xa organizamos xornadas técnicas porque era algo que se facía en Galicia, pero estaban caendo”, explica Ali. Así, “cun formato xa caduco, este ano decidimos traer ás xornadas a Pablo Castro, un referente a nivel mundial na pesca e será unha honra contar con él nunhas xornadas de pesca a mosca ás que está todo o mundo convidado, xa que pode achegarse de maneira gratuíta ao local polifuncional do Concello de Láncara a ver como algúns socios facemos moscas, tamén haberá material de pesca de dúas tendas especializadas para que os interesados poidan mercar o que necesiten, que xa está preto o comezo da tempada de pesca, e logo farémolle un recoñecemento a Pablo Castro e, ao mediodía, comeremos xuntos. Pola tarde, temos organizada unha mesa redonda con Pablo Castro na que nos contará as súas experiencias súas ou a preparación dunha viaxe. Tanto el como David Arcay son socios de honra no noso club e é un privilexio contar con eles”.

Ademais das xornadas técnicas, ou-



medio do confinamento pola pandemia da COVID-19. Mentres facían moscas, unha técnica que consiste en imitar os insectos que hai no río, tanto os que se atopan enriba da auga como os que van por debaixo, para que parezan reais e enganar aos peixes para que piquen, tal e como explica Ali; Javier propuxo crear un club de pesca, algo que ao principio non lle tomaron en serio. Despois, falando máis en serio, animáronse a crealo e na zona de Láncara, poñendo a súa sede no bar Avenida,

conservar a poboación de salmónidos nos ríos. No río hai sitio para quen queira levar as troitas a casa, pero agora non hai tantos animais como antes porque todo o que se fai ten consecuencias no futuro. Ademais, hai 2 anos aprobouse a Lei de Pesca, que avoga cara a unha pesca sen morte, na que se di que hai que incrementar ano a ano os tramos sen morte, polo que nós promovemos iso.

Por outra banda, outros obxectivos que poñen en valor son “que a xente



tras actividades que organizan durante o ano son limpeza do río, que este ano terán lugar o 22 de febreiro e o 8 de marzo, antes de comezar a tempada de pesca, co fin de retirar plásticos e outros elementos que ensucian o río Neira para que sexa “unha boa tempada de pesca, sen plásticos do silo, xa que a zona é de moita gandería, aínda que cada vez hai menos, porque ao vernos a nós limpar, a xente concienciouse e oxalá que continúe así”, explica Javier.

Este ano, a maiores, teñen pensado levar a cabo un curso con Pablo Castro unha fin de semana, organizan un campionato a última fin de semana de setembro e un de parellas o primeiro de setembro. Tamén fan xornadas de convivencia e “se a tempada o permite, podemos improvisar con outras actividades”, sosteñen, engadindo que non fan xornadas concretas de formación, pero “calquera persoa que se estea iniciando na pesca, nós acompañámoslle e axudámoslle, porque a pesca de río necesita técnica e práctica e hai que ir con alguén que te aconselle”.

**POÑER EN VALOR O RÍO NEIRA.** Un dos proxectos que teñen para o futuro é “primeiro, que o club siga sendo estable, que non perdamos socios, xa que cada ano imos medrando e xa somos 109 socios, algúns de fóra de Galicia que veñen aquí a pescar. O club é importante para Láncara e a comarca porque dá a coñecer a zona aos socios, así como hai que destacar os gastos que deixamos na zona, porque comemos aquí e

consumimos aquí. Ao pobo algo lle beneficiamos, xa que fomentamos que se achegue a xente ao río Neira. E, ademais, limpamos o río e conservámolo. Quitamos as silveiras, a suciedade, o lixo...”, explica.

Ademais, agradecen e recoñecen o apoio do Concello de Láncara ao deixarles usar un local municipal para a súa actividade, polo que a relación “mellorou moito”. Pero, din, “non viña mal un empurrón do Concello, xa que en moitas actividades vémonos solos. Nós como directiva non gañamos nada, aportamos do noso tempo libre e pensamos que estamos facendo un bo traballo polo municipio, pola comarca e pola conservación do río Neira”, defenden. Finalmente, un dos maiores proxectos que teñen en mente, aínda que argumentan que é complicado, é “poñer en marcha unha escola no club para poder ter canteira e que sobreviva a pesca de río sen morte. É difícil atraer aos nenos e chamarlles a atención porque agora, coas novas tecnoloxías, non queren saír a xogar e estar en contacto coa natureza, como si que pasaba antes, pero podíamos facer accións de ir por centros educativos a explicarlles en que consiste todo iso, que lles pique a curiosidade e que se animen a pasar algún día do verán no río pescando e desfrutando do entorno. Por exemplo, hai un rapaz que se formou con nós, Raúl, e que se chegou a ser campión xuvenil nacional; para nós é un orgullo que unha persoa que se formara no club chegara a onde está”, conclúen.

**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27800 Sarria (LUGO)  
626 21 86 28

**ESO**

INFANTIL PRIMARIA

**Peluquería Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Igrexa de Santa Eufemia de Vilarmosteiro

Este templo, que data do século XIII-XIV, forma parte do patrimonio cultural e relixioso do Concello do Páramo

A Igrexa de Santa Eufemia atópase ao sur do núcleo de poboación de Vilarmosteiro. Ao seu redor distribúese o típico adro-cemiterio limitado por un muro de granito e ao que se accede a través dunha reixa coroada por unha cruz de pedra.

A igrexa, moi reformada, conserva da súa estrutura románica orixinal a planta e, en parte, a ábsida; pero reconstruíuse a fachada actual e reedificáronse os muros da nave. O templo primitivo enmárcase dentro dun románico rural tardío, arredor do ano 1200 ou principios do século XIV.

A planta ten a disposición tradicional de nave única e cabeceira rectangular, sendo esta máis reducida en altura, lonxitude e anchura. Isto xera un xogo de vo-

lumes que se traduce no exterior mediante un graduamento dos mesmos. O material utilizado nos muros é o granito, cortado en perpiaños regulares dispostos en ringleiras horizontais.

A pesar das reformas sufridas polos muros norte e sur da nave, aínda conservan algúns vestixios do seu pasado románico. Así, no muro sur pódese distinguir o arco apuntado que formaría parte da primitiva porta lateral, mentres que no norte pódense diferenciar, na parte inferior, algúns dos perpiaños que formaban parte da primeira edificación. A ábsida, rectangular, é de construción sinxela e engadíuselle unha sancristía no muro setentrional.

No lado oposto abriuse unha fiestra cuadrangular tras a instalación do retablo maior para dar luz á capela. No muro oriental

pódense distinguir as marcas da tradicional seteira que resgaba o centro da parede, aínda que segue tapiada. O muro sur da ábsida está rematado por unha cornixa de perfil rectangular que repousa sobre dez cans de granito, todos eles lisos e pouco salientes do muro.

O acceso á ábsida realízase a través dun arco triunfal de medio punto e en aresta viva que é froito dunha reconstrución. A capela, dividida en dous tramos, cóbrese cunha bóveda de canón apuntado que se apoia nunha imposta lisa que percorre os muros laterais e nun arco faixón da mesma directriz. Este descansa en columnas acaroadas a través de capiteis decorados con motivos vexetais de tendencia xeométrica. Os fustes, monolíticos, levántanse sobre sinxelos baseamentos montados en plintos lisos.



**VILARMOSTEIRO.** A parroquia de Vilarmosteiro atópase no Concello do Páramo, e é unha parroquia rural que conserva un paisaxe típica galega, caracterizada por outeiros, praderías e pequenos bosques. O seu entorno é tranquilo e representa ben a vida rural da zona. Como noutros lugares de Galicia, a súa economía tradicionalmente estivo baseada na agricultura e na gandaría, aínda que tamén ten unha rica tradición cultural e relixiosa.

A Igrexa de Santa María de Vilarmosteiro é o principal edificio relixioso da parroquia, sendo o centro das celebracións litúrxicas e das festas. As celebracións en honra a Santa María ou a outros santos locais son momentos

clave da vida social, onde se realizan procesións, bailes e eventos festivos. Tamén é común a celebración da festa de San Xoán e outras festas populares.

Vilarmosteiro está rodeada por un paisaxe montañoso típico da Galicia interior, con camiños rurais e espazos naturais ideais para o sendeirismo e para gozar da tranquilidade do entorno. A pesar de ser unha zona rural, a parroquia ten vistas moi fermosas cara os arredores.

Ao ser unha parroquia rural, a arquitectura das vivendas en Vilarmosteiro é tradicional, con casas de pedra, tellados a dúas augas e patios onde se conservan animais e cultivos. Moitas das casas seguen o estilo arquitectónico típico da zona rural galega.



Pili Madeira  
FLORISTAS

bicarelo

Rúa da Liberdade, 137  
27600 Sarría (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988  
✉ floristeria@servimadeira.es  
🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias  
Tanatorios  
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo  
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es